




MEMORIA FINAL

CEIP PLURILINGÜE
A LAXE

CURSO ESCOLAR

2019-2020



ESQUEMA/ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN DA MEMORIA	páx. 4
1.1. Introducción	
1.2. Contextualización	
1.2.1. Postos de traballos	
1.2.2. Cargos directivos e de coordinación	
1.2.3. Composición e Comisións no seo do Concello Escolar	
1.2.4. Alumnado e peculiaridades	
1.2.5. Tipoloxía de centro	
1.2.6. Contexto sociolingüístico	
2. OBXECTIVOS PROPOSTOS NA PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL E GRAO DE CUMPRIMENTO	páx. 6
2.1. Obxectivos propostos	
2.2. Grao de cumprimento dos obxectivos	
3. INCIDENCIAS XURDIDAS AO LONGO DO CURSO	páx. 8
4. XORNADA LECTIVA	páx. 8
5. MOVILIDADE FUNCIONAL DO PROFESORADO	páx. 8
6. EFICACIA DA XESTIÓN DOS RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS	páx. 9
6.1. Equipo directivo	
6.2. Consello Escolar	
6.3. Claustro de profesores	
6.3.1. Comisión de Coordinación Pedagóxica	
6.3.2. Equipos de ciclo e equipos de nivel	
6.3.3. Equipo complementarias e extraescolares	
6.3.4. Equipo de Dinamización da Lingua Galega	
6.4. Persoal de administración e servizos	
7. MEMORIAS	páx. 12
7.1. Memoria de Educación Infantil	
7.2. Memoria do primeiro e segundo curso de primaria	
7.3. Memoria do terceiro e cuarto curso de primaria	
7.4. Memoria do quinto e sexto curso de primaria	
7.5. Memoria do equipo de dinamización da lingua galega	
7.6. Memoria de pedagogía terapéutica e audición e linguaxe	
7.7. Memoria do equipo de actividades complementarias e extraescolares	
7.8. Memoria anual da comisión de convivencia	
7.9. Memoria do Departamento de Orientación	
8. PROXECTOS	páx. 54
8.1. Proxecto de dinamización da biblioteca escolar	
8.2. Proxecto lingüístico	
8.3. Centro plurilingüe e pluriinfantil	
8.4. Plan TIC	
8.5. Plan Proxecta	
8.6. PFPP	
8.7. Voz Natura	
8.8. Club de Letras	
9. PLAN LECTOR	páx. 80
10. BIBLIOTECA ESCOLAR Servizos da biblioteca e emprego dos mesmos	pax. 80
10.1. Documentos e materiais elaborados durante o curso	
10.2. Actividades realizadas	
10.3. Avaliación da biblioteca	

MEMORIA FINAL CURSO 2019-2020

10.4. Propostas de mellora	
11. SIMULACRO DE AUTOPROTECCIÓN	pág. 82
12. XORNAL ESCOLAR	pág. 82
13. PROGRAMAS DE AXUDAS PARA A ADQUISICIÓN DE LIBROS DE TEXTO, MATERIAL E FONDO SOLIDARIO	pág. 82
14. SERVIZOS EDUCATIVOS COMPLEMENTARIOS	pág. 82
14.1. Comedor Escolar	
14.1.1. Datos referenciais	
14.2. Transporte Escolar	
15. AVALIACIÓN INDIVIDUALIZADA DE TERCEIRO DE PRIMARIA	pág. 84
15.1. Protocolo de actuacións	
16. COLABORACIÓN DO CONCELLO DE FERROL	pág. 84
17. PROPOSTAS DE MELLORA PARA INCLUIR NA PROGRAMACIÓN DO VINDEIRO CURSO	pág. 84
17.1. Educación Infantil	
17.2. Pedagogía Terapéutica	
17.3. Actividades complementarias e extraescolares	
17.4. Proxecto de dinamización da Biblioteca	
17.5. Biblioteca Escolar	
17.6. Plan TIC	
17.7. Avaliación final de educación primaria e individualizada de terceiro de primaria	

1.INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN DA MEMORIA

1.1. INTRODUCCIÓN

A finalidade da presente memoria é a de iniciar un proceso de reflexión que nos permita avaliar o funcionamento do centro, cada un dos programas e actividades levados a cabo e os resultados acadados ao finalizar o curso.

Durante o mes de setembro elaboramos a Programación Xeral Anual, na que planificamos as actividades educativas, estruturamos os horarios, o Proxecto Educativo, a concreción curricular e as distintas Programacións. Ao rematar o curso, debemos avaliar, polo tanto, o grao de cumprimento desa Programación, recollendo as súas conclusións máis relevantes. Esta programación tivo que ser modificada segundo as instrucións do Real Decreto 476/2020 do 27 de abril de 2020 polo estado de alarma causado pola pandemia dando lugar a suspensión das clases presenciais.

O contido da memoria recolle a valoración de cada un dos aspectos planificados na PXA, propoñendo actividades de mellora que serán plasmados na PXA do curso académico 2020/2021, estruturándose nun proceso que servirá para mellorar, de xeito coherente, o funcionamento do noso centro, tendo en conta as modificacións causadas polo estado de alarma.

Impulsada e coordinada polos órganos de goberno e de coordinación docente, preséntase a memoria ante os órganos colexiados que informarán e/ou avaliarán os seguintes aspectos:

CONSELLO ESCOLAR:

- Grao de cumprimento global da Programación Xeral Anual.
- O desenvolvemento das actividades complementarias e extraescolares propostas.
- A eficacia na xestión dos recursos.
- A evolución do rendemento escolar do alumnado así como a eficacia na xestión dos recursos, respectando, en todo caso, os aspectos docentes que competen ao claustro de profesores.

CLAUSTRO DE PROFESORES:

- O grao de cumprimento da concreción curricular e das Programacións.
- O proceso de ensinanza e a evolución do rendemento escolar do centro.
- Os aspectos docentes incluídos no Proxecto Educativo e na Programación Xeral Anual.

1.2. CONTEXTUALIZACIÓN

1.2.1. POSTOS DE TRABALLO

- 1 de educación infantil.
- 2 de educación primaria.
- 4 especialistas: Pedagogía Terapéutica, Inglés, E. Musical e E. Física.
- 1 profesora de Relixión Católica compartida co CEIP A Magdalena (As Pontes)
- 1 coidador a tempo completo.
- O director (áchase en comisión de servizos).
- 1 orientadora compartida co CEIP Pazos e CEIP Almirante Juan de Lángara (centro base).
- 1 mestra de AL preferente.

1.2.2. CARGOS DIRECTIVOS E DE COORDINACIÓN

- Directora.
- Unha coordinadora do Equipo de Dinamización da Lingua Galega.
- Unha coordinadora TIC.
- Unha xefa do Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares.
- Comisión de Coordinación Pedagóxica.

1.2.3. COMPOSICIÓN E COMISIÓNS NO SEO DO CONSELLO ESCOLAR

- 7 membros (a renovación parcial tivo lugar en novembro de 2018).
- Comisión Económica.
- Comisión de Convivencia.

1.2.4. ALUMNADO E PECULIARIDADES

- Total alumnado: 51
- Peculiaridades do alumnado:
 - o Ningún alumno estranxeiro.
 - o En torno a un 25% de alumnado con NEAE.

1.2.5. TIPOLOXÍA DE CENTRO

- Situado en área rural dentro do Concello de Ferrol.

1.2.6. CONTEXTO SOCIOLINGÜÍSTICO

O 98% do alumnado no colexio fala só castelán, nas súas casas a porcentaxe de falantes galegos sube un pouco.

2. OBXECTIVOS PROPOSTOS NA PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL E GRAO DE CUMPRIMENTO DOS MESMOS.

2.1. OBXECTIVOS PROPOSTOS

Os obxectivos marcados na Programación Xeral foron os seguintes:

- Potenciar no alumnado o equilibrio, a autonomía persoal e o sentido da responsabilidade.
- Espertar no alumnado valores e actitudes positivas.
- Impulsar o coñecemento do inglés en Educación Infantil e en Educación Primaria.
- Responsabilizar ao alumnado no coidado do seu centro e do contorno.
- Lograr a integración do alumnado con necesidades educativas específicas.
- Dinamizar a biblioteca e ampliar a súa versatilidade funcional.
- Acercar a informática ao alumnado e aproveitar as súas vantaxes para afianzar os obxectivos e contidos nas áreas seguintes de Educación Infantil:

- o Coñecemento de si mesmo e autonomía persoal.
- o Coñecemento do contorno.
- o Linguaxes: comunicación e representación.
- o Lingua estranxeira – Inglés.

E nas seguintes áreas de Educación Primaria:

- o Matemáticas.
- o Lingua Castela e Literatura.
- o Lingua Galega e Literatura.
- o Lingua estranxeira - Inglés.
- o Ciencias da Natureza.
- o Ciencias Sociais.
- o Educación Artística.
- o Educación Física.

MEMORIA FINAL CURSO 2019-2020

- Realizar, ao longo do curso escolar, diversas actividades relacionadas coas probas de avaliación individualizada de carácter censual, destinadas ao alumnado de terceiro de educación primaria, así como actividades enfocadas ás probas de carácter mostral de final de Educación Primaria. Está avaliación quedou anulada por mor do estado de alarma.
- Aplicar o Proxecto Educativo do Centro informado polo Claustro, avaliado positivamente polo Consello Escolar, e aprobado pola dirección do centro con data do 22 de xaneiro de 2019.
- Aplicar as Programacións Didácticas do Centro, nas que se deberán incluír os obxectivos, competencias clave, contidos, liñas metodolóxicas, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe avaliáveis e programas e actuacións que recollen os currículos de Educación Infantil (Decreto 330/2009, do 4 de xuño DOG do 23/06/09) e Primaria (Real Decreto 126/2014, do 28 de febreiro BOE do 01/09/2014 e Decreto 105/2014 do 04 de setembro de 2014 DOG do 09/09/2014). No terceiro trimestre a programación didáctica foi modificada por mor do estado de alarma, quedando reflectidas na páxina web do centro e enviadas a inspección.
- Aplicar o Proxecto Lingüístico de Centro avaliado polo Consello Escolar na reunión levada a cabo o día 24 de setembro de 2018, tendo en conta as renovacións especificadas no Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario, así como a adenda que se inclúe no presente documento tal como se especifica no punto 4 do citado Decreto, avaliada positivamente polo Consello Escolar con data do 24 de setembro de 2018.
- Aplicar o Plan Lector Anual aprobado polo Claustro de Profesores con data do 03 de setembro de 2018.
- Aplicar o Plan TIC aprobado polo Claustro de Profesores con data do 03 de setembro de 2018.
- Aplicar a concreción do Plan Anual de Atención á Diversidade, seguindo as directrices do artigo 11.4 do Decreto 229/2011. Dito Plan Xeral foi avaliado positivamente polo Consello Escolar na reunión do 24 de setembro de 2018.
- Aplicar o Plan de Acción Titorial aprobado polo Claustro de Profesores con data do 03 de setembro de 2018.
- Continuar co plurilingüismo na materia de plástica que involucran ao alumnado de Educación Primaria.
- Continuar co programa de Pluriinfantil nos tres cursos de Educación Infantil cunha sesión semanal por grupo, tal como figura no proxecto aprobado.

2.2. GRAO DE CUMPRIMENTO DOS OBXECTIVOS

O Consello Escolar do CEIP Plurilingüe A Laxe, en reunión celebrada o día 29 de xuño de 2020, e o Claustro de mestres, en reunión mantida na mesma data, así como o equipo directivo, consideran que os obxectivos xerais propostos na PXA acadáronse dun xeito amplo, facendo unha valoración positiva de todas as actuacións emprendidas ao longo do curso para a súa consecución.

Nos diferentes apartados da Memoria queda constancia do grao de cumprimento destes obxectivos en cada un dos ámbitos que configuran o funcionamento do centro.

3. INCIDENCIAS XURDIDAS AO LONGO DO CURSO

A suspensión das clases polo estado de alarma desde o 13 de marzo polo Real Decreto 476/2020. A partir dese día as clases foron telemáticas, nun principio foi dura a coordinación entre o alumnado unha vez todo coordinado transcurriu con normalidade dentro das posibilidades do centro e das familias. Tamén tivemos a colaboración do Concello para levar as tarefas o alumnado que non tiña posibilidades telemática.

As reunións do profesorado durante o estado de alarma tamén se levaron a cabo telemáticamente a través da plataforma Cisco Webex Meetings proporcionada pola Xunta con toda normalidade.

As actividades extraescolares foron suprimidas a partir do 13 de marzo, seguindo as instrucións do Real Decreto 13/420.

4. XORNADA LECTIVA

Os beneficios acadados con este tipo de xornada son moi significativos e, por suposto, cualitativa e cuantitativamente mellores que os acadados coa xornada partida.

5. MOBILIDADE FUNCIONAL DO PROFESORADO

O catálogo de postos de traballo estivo cuberto por 7 mestres/as con destino definitivo, 1 mestra de relixión católica ea directora que continúa no centro en comisión de servizos.

Así mesmo, contamos cunha orientadora compartida con CEIP Pazos e o CEIP Almirante Juan de Lángara (centro base) e unha mestra de Audición e Linguaxe preferente.

6. EFICACIA DA XESTIÓN DOS RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS

6.1. EQUIPO DIRECTIVO

Durante o curso os membros do Equipo Directivo mantiveron as súas habituais reunións de coordinación, os martes de modo ordinario, e todas as que foron necesarias con carácter extraordinario. No período non presencial as reunións continuaron con carácter telemático a través da aplicación proporcionada pola Xunta, soamente con cambios nos horarios.

A labor do equipo foi valorada de forma positiva por todos os compoñentes da Comunidade Educativa.

6.2. CONSELLO ESCOLAR

Realizáronse un total de:

- 3 Consellos Escolares Ordinarios.
- 1 Consellos Escolares Extraordinarios.
- 1 Xuntanzas da Comisión Económica.

Os temas máis importantes tratados tiveron relación cos seguintes puntos:

- Avaliar a Programación Xeral Anual e Memoria.
- Modificacións dalgunhas actividades extraescolares.
- Obras e melloras do centro e aproveitamento de recursos.
- Organización das distintas actividades extraescolares.
- Estado de contas de gastos de funcionamento e comedor escolar.
- Necesidades do centro.
- Avaliar os proxectos e as normas aos que se refire o capítulo II do título V da LOMCE.
- Informar sobre a admisión de alumnos.
- Reunións trimestrais da Comisión de Convivencia.
- Informar sobre o alumnado que vai facer uso do servizo complementario de comedor escolar.
- Actividades relacionadas coa ANPA.

Estas reunións desenvolvéronse cun grao de acordo absoluto nas decisións adoptadas, constatándose un alto grao de participación e satisfacción de todos os seus compoñentes

pola marcha xeral do centro. No período de confinamento non tivemos reunións telemáticas oficiais pero si tivemos comunicación a través do whatsapp.

No seo do Consello Escolar funcionaron dúas comisións:

- Comisión Económica.
- Comisión de Convivencia.

6.3. CLAUSTRO DE PROFESORES/AS

Reuniuse para debater e decidir sobre os temas que posteriormente se abordaron no Consello Escolar, ademais de estudar os temas que forman parte das súas funcións.

No presente curso tiveron lugar:

- 3 Claustros de carácter ordinario presenciais e 3 Claustros de carácter ordinario non presenciais.
- 1 Claustros Extraordinarios e 1 Claustro Extraordinario non presencial.

Todas as reunións desenvolvéronse nun ambiente de colaboración entre os distintos compoñentes do mesmo.

O profesorado traballou integrado nos Órganos de Coordinación Docente:

Comisión de Coordinación Pedagóxica e Equipos Docentes. Ademais os titores e titoras desenvolveron o seu traballo en estreita colaboración coa mestra de Pedagogía Terapéutica a mestra de AL preferente e a orientadora compartida.

6.3.1. COMISIÓN DE COORDINACIÓN PEDAGÓXICA

Dinamizadora de toda a actividade do centro, desenvolveu as funcións que lle outorgan as Normas de Organización e Funcionamento.

As súas actuacións quedan reflectidas nas actas das sesións levadas a cabo todos os primeiros martes de mes, a partires do 13 de marzo as reunións foron telemáticas podendo destacar a gran implicación e esforzo que supuxo esta coordinación, o único a destacar foron os cambios de datas para a realización destas reunións que quedan reflectidas nas correspondentes actas gardadas na secretaría do centro, das que destacamos:

- A organización do traballo para elaborar o Plan de Acción Titorial.
- O seguimento do apoio ao alumnado con dificultades de aprendizaxe.

- A supervisión dos criterios para realizar as adaptacións curriculares ao alumnado con necesidades educativas especiais.
- Propostas para a elaboración da PXA, a evolución das aprendizaxes e o proceso de ensinanza.
- O seguimento e a valoración das actividades previstas na PXA.
- O estudo das propostas da Comisión de Actividades Complementarias e Extraescolares para ser trasladadas posteriormente aos Equipos Docentes.
- O grao de satisfacción manifestado polos membros da CCP o calificamos de alto, realizándose todas as reunións programadas, con puntual asistencia de todos os seus membros.
- Os acordos acadados e as tarefas encomendadas foron realizadas segundo o previsto.

6.3.2. EQUIPOS DE CICLO E EQUIPOS DE NIVEL

Gozan de ampla participación e o seu funcionamento valorámolo, ao longo do curso, como moi satisfactorio.

As reunións periódicas realizáronse os segundos martes de mes, de xeito habitual, celebrando ademais todas as necesarias de modo extraordinario.

Nelas tratáronse temas pedagóxicos e organizativos que afectaron aos distintos cursos ou a todo o colexio, sendo os principais os seguintes:

- Distribución dos recursos humanos para realizar alumnado con problemas de aprendizaxe, propostas Comisión de Actividades Extraescolares, actividades Equipo responsable da biblioteca, decisións sobre os apoios ao realizadas pola propostas polo agrupamentos, elaboración do Plan de Acción Titorial, reflexións para a Memoria e propostas de mellora, etc.

6.3.3. EQUIPO ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

As reunións tiveron carácter mensual, sen data concreta, para tratar asuntos referentes ás actividades a levar a cabo, tal como se describen na memoria específica. A partires do 1e de marzo as actividades extraescolares como excursións e saídas culturais quedaron suspendidas.

6.3.4. EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA

As reunións periódicas realizáronse os terceiros martes de mes, de xeito habitual, celebrando ademais todas as necesarias de modo extraordinario.

Todos os membros do equipo participaron activamente na organización e desenvolvemento das festas institucionalizadas, así como en distintas exposicións temáticas e na confección do xornal escolar.

Na memoria descritiva e gráfica desglósanse as actividades levadas a cabo, así como a avaliación das mesmas.

6.4. PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS

Todo o persoal: conserxe e limpiadoras, están plenamente integrados no centro destacando polas súas iniciativas, polo seu compromiso no bo funcionamento escolar e pola calidade do seu traballo.

Teño que ter unha mención moi especial tanto o conserxe como o persoal de limpeza que estivo a traballar durante todo o período de confinamento apoiando a dirección e ao mantemento do centro.

7. MEMORIAS

7.1. MEMORIA DE EDUCACIÓN INFANTIL

ALUMNADO:

Neste curso 2019-2020, o alumnado matriculado en 4º, 5º e 6º curso de educación infantil permaneceu agrupado con carácter mixto na mesma aula. A titora desta aula foi Rocío Monterroso Dopico.

O grupo-clase estivo formado por un total de 13 nenos/as, distribuídos da seguinte forma:

- 5 nenos/as de 4º EI: 2 nenas e 3 nenos.
- 3 nenos/as de 5º EI: 2 nenas e 1 neno.
- 5 nenos/as de 6º EI: 2 nenas e 3 nenos.

En liñas xerais, a maioría do alumnado matriculado asistiu con regularidade á escola, sendo xustificadas debidamente todas as faltas de asistencia dos/as nenos/as.

PERÍODO DE ADAPTACIÓN:

O alumnado de 4º de EI e unha nena de 6º de EI levou a cabo un satisfactorio período de adaptación á escola, incorporándose á mesma de forma progresiva, tal e como dita a normativa vixente neste ámbito recollida pola Orde de 20 de xuño de 2019 que establece o calendario escolar para este curso académico. Este período de adaptación tivo unha duración de 10 días lectivos, coa finalidade de que tanto o novo alumnado coma as súas familias se

sentiran cómodas, seguras e acollidas neste novo ambiente. Durante este tempo planificáronse actividades e experiencias motivadoras, lúdicas e comunicativas para favorecer a integración do novo alumnado na aula e no grupo-clase.

A un dos nenos se lle reduciu o período de adaptación posto que se adaptou ben ao novo espazo e situación, podendo asistir toda a xornada lectiva (5 horas).

OBXECTIVOS:

O alumnado de 4º de Educación Infantil acadou os obxectivos propostos para este curso escolar, tendo en conta a modificación da programación realizada para o 3º trimestre.

No referido ao alumnado de 5º de Educación Infantil, este adquiriu satisfactoriamente os obxectivos marcados para o presente curso. Cabe destacar que un deles está en proceso de adquisición das normas básicas de convivencia debido ao seu comportamento, xa que ten dificultades para cumprir as normas da aula e de relación cos seus compañeiros/as. Este curso acudiu a varias sesións de habilidades sociais impartidas pola mestra de Audición e Linguaxe, xunto con outros compañeiros/as de Educación Primaria, pero non foi posible seguir con esta metodoloxía debido ao confinamento provocado polo COVID- 19. De cara ao próximo curso resulta necesario continuar incidindo neste traballo para así acadar actitudes positivas de convivencia e relación e seguir acudindo ás sesións de habilidade sociais.

Finalmente, no que atane ao grupo de 6º de Educación Infantil, os tres nenos adquiriron satisfactoriamente os obxectivos marcados na programación e por tanto os propios da etapa na que nos atopamos. Todos posúen moi boa disposición cara a lectura, e foron capaces de iniciarse de xeito natural nela.

Outra das nenas acadou globalmente os obxectivos, aínda que precisa de axuda da titora ou da persoa de apoio para executar as actividades relacionadas co razoamento lóxico-matemático e a lecto- escritura, presentando certas dificultades de execución das instrucións.

Outra nena que se incorporou nova este curso presenta dificultades no ámbito lingüístico e no razoamento lóxico- matemático e precisa axuda da titora e da persoa de apoio para case todas as actividades programadas relacionadas con este ámbitos debido á súa falta de atención e distracción. Se plantexaron actividades de reforzo para avanzar neste ámbito. No segundo trimestre, a proposta da titora e informada a familia, foi observada pola orientadora dentro da aula, dado que se observa que ten dificultades de aprendizaxe pola súas características persoais. Antes da situación provocado polo COVID- 19 a familia firmou o consentimento para recibir sesións coa especialista de PT, pero non foi posible levalas a cabo. No terceiro trimestre a familia plantexouse a flexibilización da nena, pero tras unha reunión

coa titora, a directora e a orientadora na que se presentaron as opcións posibles ante a súa situación e se lle proporcionou o asesoramento das mestras, tomaron a decisión de que a alumna promocióne a Educación Primaria, ao mesmo tempo que a orientadora elaborou un informe de derivación á pediatra para poder valorar as súas características persoais e ver qué dificultades presenta. No vindeiro curso sería positivo que acudise a sesións coa especialista de PT.

ACTIVIDADES:

Ademais das actividades levadas a cabo con cada grupo de idade de EI, fixéronse outras de forma conxunta que a continuación se recollen:

- Levamos a cabo o préstamo de libros da biblioteca do centro, no cal cada semana os/as nenos/as elixían un conto para ler coas súas respectivas familias e á volta un dos nenos/as lle contaba aos seus compañeiros/as de qué trataba o conto que levara para a casa. A elección do libro era realizada polo alumnado tendo en conta a súa idade. Tamén participamos nos tradicionais “apadriñamentos lectores” co alumnado de Educación Primaria.

- Traballamos as matemáticas manipulativas a través da metodoloxía ABN, utilizando diversos materiais e recursos para tal fin.

- Achegámonos, dentro das posibilidades que ofrecen estas idades, ao manexo das novas tecnoloxías da información e comunicación coa axuda do robot DOC, dos ordenadores, da tablet e da cámara dixital.

- Traballamos o ámbito experimental e da ciencia activa levando a cabo varios experimentos como a capilaridade, facer neve, a forza magnética, etc. dentro da aula, traballando o razoamento e formulación de hipóteses.

- Participamos no Samaín decorando a nosa clase e o corredor con elementos característicos, ademais de realizar un taller de maquillaxe e participar nos xogos que se celebraron a nivel de centro co resto dos compañeiros de Primaria.

- Para celebrar o Nadal, decoramos a nosa clase e o corredor con manualidades características destas datas e interpretamos unha canción que preparamos coa mestra de música. Ademais recibimos a visita de Papá Noel no centro e degustamos doces típicos destas datas. Tamén realizamos unha saída a un taller de Papiromates na sede de Afundación, a visita a un Belén e fomos a tomar o chocolate con churros, todo dentro do Concello de Ferrol.

- Traballamos o Día da Paz participando na carreira solidaria e nos diferentes xogos deportivos, como tiro con arco, loita, remo, handbikes que acudiron ao centro grazas á colaboración de deportistas e asociacións. Ademais celebramos a festa Holi.

MEMORIA FINAL CURSO 2019-2020

- Ao longo do curso realizamos tres proxectos trimestrais: no 1º trimestre as tendas, identificando os produtos que se venden nos distintos establecementos, coñecendo a profesión de tendeiro contando coa participación das familias e creando a nosa tenda dentro da aula.

No 2º trimestre descubrimos e aprendemos moitos dos dinosaurios elaborando un lapbook que recolle todo o que descubrimos sobre eles.

No 3º trimestre, durante o confinamento, descubrimos o Sistema Solar, coñecendo os planetas, satélites, astronautas...

- No Entroido disfrazámonos de navegantes da nao Victoria de Magallanes dentro do proxecto de centro “Navegando polo mundo: a volta ao mundo de Magallanes e Elcano” e preparamos unha canción inédita composta pola titora e que lle ensinamos ás familias no local da Asociación de Veciños xunto cos nosos compañeiros/as de Primaria.

- Comezamos a elaborar o noso Libro dos nomes, material que se viu truncado pola situación do confinamento, onde cada fin de semana cada neno/a levaba un sobre para elaborar dúas páxinas dese libro relacionadas co seu nome e llo presentaban aos seus compañeiros/as.

- Traballamos con distintos contos e murais as conmemoracións: Día contra a violencia de xénero, Día internacional da muller traballadora, Día internacional contra a discapacidade, Semana da prensa elaborando o noso propio xornal, etc.

- Invitamos ás familias a que viñeran a contar un conto na clase para despois realizar unha actividade relacionada con esa lectura.

- Realizamos dúas saídas: ver unha obra de teatro “Acuario” do libro homónimo de María Canosa e Dani Padrón no Auditorio municipal de Narón, e ao Acuario de A Coruña cos compañeiros/as de 1º e 2º de Primaria.

- Traballamos as emocións a través da participación no proxecto do “Reino das emocións” da Fundación Meniños realizando varias das actividades que propoñían guiadas por un conto no que o protagonista é un dragón chamado Draco.

- Traballamos a igualdade de xénero participando na actividade do centro das Pioneiras, coñecendo a mulleres galegas que marcaron historia.

- Participamos no proxecto do centro “Navegando polo mundo: a volta ao mundo de Magallanes”, coñecendo os diferentes países polos que pasou completando o noso pasaporte.

3º TRIMESTRE:

Segundo as Instrucións do 27 de abril de 2020 da Dirección Xeral de Educación, FP e Innovación Educativa para o desenvolvemento do 3º trimestre do presente curso 2019/2020 no Comunidade Autónoma de Galicia foi necesario realizar unha modificación da programación.

Durante este período a comunicación coas familias foi a través do blogue de aula que está na páxina web do centro, Peques de A Laxe, onde se foron publicando as actividades a realizar na casa, adaptadas a cada nivel, tanto as propostas pola titora como as dos especialistas (no caso de Educación Física e Programa P.E.L.O as actividades podíanse ver nos seus respectivos blogues).

Ademais tamén existiu unha permanente comunicación a través do whatsapp (de grupo e de forma individual) e das chamadas individuais a cada familia.

Todas as actividades foron de reforzo e repaso do traballado na aula durante os dous primeiros trimestres, proponendo desta forma actividades de lóxica- matemática, lecto-escritura, artística, coñecemento do contorno, celebración de conmemoracións, contos, etc. ademais das relacionadas coas especialidades.

As aprendizaxes nesta etapa de Educación Infantil son globalizadas, pero houbo contidos que non se puideron traballar debido á situación provocada polo COVID-19, como a resta, nocións de orientación espacial: esquerda- dereita, a grafía dalgúns números en 4º de Educación Infantil, e certas habilidades sociais e de relación que ao non ser observables na distancia non se poden fomentar nin traballar da mesma forma como se fose presencialmente na aula.

ESPECIALISTAS:

Todo o alumnado de Educación Infantil foi atendido polos seguintes especialistas: Educación Física, Música, Lingua Inglesa e Audición e Linguaxe (durante unha sesión semanal respectivamente). A mestra de relixión impartiu docencia con dúas alumnas (unha nena de 4º de e outra de 6º de Educación Infantil). A atención educativa foi impartida pola titora na que se traballaron valores: respecto, amizade, empatía...

MÚSICA

Utilizamos o instrumento primario e natural de cada un: o corpo. Palmas, pitos, pes, boca e a combinación de todos eles para aprender diferentes ritmos, repetir, inventar, improvisar, etc.

Segundo o programa pluriinfantil, o 30% da materia foi impartida en inglés.

Déuselles a coñecer ao longo do curso todos os instrumentos de percusión de afinación indeterminada básicos como os crótalos, claves, triángulos, ferreñas, cascabeis, güiro, cunchas, maracas, caixa chinesa...cos cales se familiarizaron inmediatamente e con precisión no seu uso. É salientable o positivo uso dos tambores e os pandeiros cos que conseguían expresar as súas emocións coas consecuentes resultados positivos. Desfrutaban facendo “conversas” con estes instrumentos.

A expresión corporal foi o fundamental: experimentar co seu propio corpo todos os movementos posibles para eles usando como base música de distintos ámbitos.

As diferentes danzas e xogos con música foron moi motivadores e deron moito dinamismo ás sesións. Participaron activamente tod@s @s nen@s. Gozar e divertirse á vez que aprenden foi o obxectivo que plenamente se conseguiu.

Tras decretarse o estado de alarma por COVID-19, seguíronse mandando e preparando sesións de reforzo do xa coñecido(a través de bloques de contidos mediante vídeo educativos), así como contos musicados pola mestra.

CONCLUSIÓN FINAL:

A valoración do curso foi moi positiva. As xornadas lectivas desenvolvéronse dacordo ao establecido pola LOE (Lei Orgánica de Educación 2/2006) e que a LOMCE (Lei Orgánica para a Mellora da Calidade Educativa 8/2013) non modificou para a etapa de Educación Infantil, así coma os propostos desde o Decreto 330/2009 que establece o Currículo oficial de Educación Infantil en Galicia, logo de concretarse na Programación Xeral Anual (PXA) do centro e na Programación Didáctica de aula deseñada pola titora. Neste último desenvolvemento tiven en conta ao longo das xornadas as características psicomadurativas do alumado, os coñecemento previos e as súa motivacións e necesidades para poder adaptar así os ritmos e rutinas da aula a cada un deles /as.

PROPOSTAS DE MELLORA:

A continuación recóllense unha serie de propostas de mellor de cara ao curso que ven:
-Sería positivo dividir as sesións das especialidades para poder traballar mellor co alumnado.

7.2. MEMORIA DO PRIMEIRO E SEGUNDO CURSOS DE PRIMARIA

1º CURSO

O número de alumnos neste curso é de 6 nenos.

O curso desenvolveuse sen ningunha incidencia, agás a partir do 13 de marzo co inicio do Estado de Alarma por mor da crise sanitaria xerada pola COVID-19.

Os resultados académicos son positivos xa que promocionan a totalidade de alumnos do 1o curso, acadando todos os mínimos propostos, aínda que algún neno non acadou un desenvolvemento completo na lectroescritura.

De 1º curso recibe apoio de AL ou/e PT:

- H.F.L.: recibe 4 sesións coa mestra de AL, e dúas de PT.
- D.F.L.: recibe unha sesións semanal coa mestra de AL.
- F.J.J.: recibe unha sesións semanal coa mestra de AL.
- E.M.R.: recibe 4 sesións coa mestra de AL, e dúas de PT.

En dúas sesión recibimos o apoio dunha das mestras de Primaria.. E en 6 sesións semanais está na aula a mestra especialista de AL como apoio.

2º CURSO

O número de alumnos neste nivel é de 7 nenos.

Promocionan a totalidade dos nenos a 3º de Educación Primaria. Os 7 nenos levan todas as áreas aprobadas, aínda que se deberá ter en conta as dificultades que presentan a nivel individual algúns dos nenos, nas áreas de lingua castelá e matemáticas.

Reciben apoio por parte dos especialista de PT/AL os seguintes nenos:

- A.I.B: recibe 3 sesións por parte da PT.
- A.I.B: recibe tres sesións por parte da PT.
- R.T.G : recibe 3 sesións semanais coa mestra de AL.
- P.V.G: recibe dúas sesións coa mestra de PT.

Ademais de estes apoios reciben 1 sesión semanal de taller de Habilidades Sociais os seguintes alumnos: J.F.C., R.T.G., H.F.L. e E.M.R.

Como apoio, 6 sesións semanais na aula por parte da mestra especialista de AL.

Tanto en 1º como en 2º levouse a cabo unha avaliación inicial para comprobar o nivel de partida dos alumnos/as; unha avaliación continua para comprobar trimestralmente si acadaban os estándares e contidos establecidos na programación. Na 3º avaliación por mor do estado de Alarma e segundo o emitido en base á Orde EFP/365/2020, de 22 de abril, pola que se establecen o marco e as directrices de actuación para o terceiro trimestre do curso 2019-2020 e o inicio do curso 2020-2021, ante a situación de crise ocasionada polo COVID-19 e as Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, modifícase a programación didáctica, estándares e criterios de avaliación que non se puideron traballar.

Realízase actividades de reforzo e ampliación dos contidos traballados na 1º e 2º avaliación. Actividades individualizadas en función das necesidades de cada neno, propóñense actividades para todo o colexio, trabállase de maneira globalizada, lúdica, motivadora e utilizando en moitos casos o xogo como aprendizaxe.

Centrándose sempre no benestar e nas circunstancias do alumno e da súa familia, facilitando a entrega do traballo e flexibilizando os tempos para facelo.

Realízanse actividades de celebración das distintas conmemoracións, onde a participación dos nenos e das súas familias foi moi boa.

Mantense unha comunicación directa tanto cos nenos como coas familias a través da plataforma de Zoom, por vía telefónica, a través do correo electrónico e por medio da aplicación whatsapp.

LINGUA ESTRANXEIRA

Os obxectivos dos cursos foron acadados por todo o alumnado con algunhas diferencias no grao de consecución. Durante os dous primeiros trimestres a actividade non tivo ningunha incidencia salientable, ao longo do período de confinamento o traballo fíxose a través da plataforma Milton Education que foi cedida gratuitamente a todo o alumnado e que permitiu a programación de actividades individualizadas de todas as destrezas adaptadas aos contidos xa traballados ao longo do curso con algunha actividade de

ampliación en canto a vocabulario así como unha ampla oferta variada e graduada por niveis de lecturas e comprensións para cada curso. Unha vez á semana se programaban as actividades que os alumnos con medios tecnolóxicos realizaron practicamente na súa totalidade. Para o alumnado sen conectividade se deseñaron actividades que foron distribuídas por persoal do concello ou difundidas a través dos medios establecidos dende o centro.

MÚSICA

Os obxectivos marcados para estes cursos alcanzáronse satisfactoriamente. O que se tratou en todo momento foi de que o neno/a gozase da música e con ela. Desenvolvéronse os distintos aspectos básicos da Educación Musical: educación rítmica e vocal, discriminación auditiva, expresión corporal..., empregando para iso actividades lúdicas. A través do xogo, preparouse ós nenos e nenas para o ciclo seguinte, onde se empezará de xeito máis sistemático o estudo da música.

Tratouse de crear nos nenos/as esquemas de traballo e de actuación ante situacións de canto, escoita, interpretación motriz, corporal ou instrumental, lectura e escrita.

Tras decretarse o estado de alarma por COVID-19 planeáronse actividades de reforzo como a visualización dunha ópera na casa, exercicios de voz e percusión corporal, traballos de coordinación rítmicos ... Así como un vídeo de todo o centro coa realización dun playback, como celebración do día das letras galegas.

Aínda que moitas das actividades traballaban o mesmo en todos os cursos, o material sobre o que se traballaba(cancións, ritmos, etc) estaban adaptados ao nivel e aprendizaxes previos.

EDUCACIÓN FÍSICA

Dentro da área de Educación Física, en concreto neste ciclo, os alumnos e alumnas foron acadando en maior ou menor grao os obxectivos propostos e un desenvolvemento das competencias básicas aceptable, tendo en conta sempre as características individuais do alumnado (tanto físicas como doutra índole).

Durante todo o curso académico presencial, e debido a que todo este ciclo se atopaba unificado, houbo que adaptar as tarefas e a metodoloxía con máis fincapé, xa que o grupo era mixto e se traballaba cos dous cursos ao mesmo tempo.

Así pois, en maior ou menor medida o alumnado destes cursos son capaces de:

- Coñecer os seus corpos e o dos demais
- Valorar a actividade física como favorable para a nosa saúde
- Coñecer e potenciar as súas capacidades físicas básicas
- Desenvolverse en situacións motrices que lles esixan máis habilidades e destrezas
- Comunicarse empregando o seu corpo
- Coñecer unha ampla variedade de xogos
- Xogar coma o facían os nosos avós (xogos populares e tradicionais)

Ademais este ano participamos no Programa Xogade, co noso Programa Deportivo de Centro, participando estes cursos nas seguintes actividades:

- Actividade no centro co Club de Atletismo Narón
- Día da Paz no colexio cunha carreira popular co alumnado e familias. Ademais da participacións do Club de Loita Galega, Club de Tiro con Arco Narón, Proxecto Enki e Club de Remo San Felipe.

Seguindo coas instrucións dadas o 13 de Marzo de 2020 sobre a concreción das medidas a adoptar en relación a atención ao alumnado, teño habilitado un blog na páxina do colexio, no cal, cunha actualización semanal, vou colgando vídeos, recomendacións contra o sedentarismo, enlaces a páxinas web, programacións deportivas semanais,...tanto para o alumnado como para as familias.

<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceiplaxe/taxonomy/term/75>

Non se detectaron casos de alumnado sen conexión. A resposta do alumnado para enviar material das actividades propostas foi baixo, salvo na actividade “Educación Física na Casa” na que se propuxeron varios retos motrices.

MEMORIA RELIXIÓN CATÓLICA CURSO 2019/2020

Durante o presente curso 2019/2020 impartíuse a área de Relixión Católica nos diferentes niveis da etapa de E. Infantil e de E. Primaria, tendo un 25% de alumnos matriculados en dita materia.

O tempo adicado a área foi dunha sesión semanal para todos os niveis de E. Infantil e Primaria agás dúas sesións para o 2º curso de Primaria.

Todos os temas propostos para cada curso foron traballados seguindo na medida do posible o calendario litúrxico , a programación didáctica e a adaptación da programación didáctica para o terceiro trimestre. Todas as actividades que se propuxeron aos alumnos ó longo do curso estiveron relacionados cos seus intereses e respectaron o seu ritmo persoal. Tamén se tivo en conta as diferenzas existentes en canto a capacidades, motivacións, recursos informáticos e dixitais e a situación vivida no estado de alarma.

Os obxectivos propostos foron acadados por todos os nenos/as a través das actividades realizadas no colexio e na aula virtual do colexio.

Na elección de procedementos que se utilizaron para a realización das diferentes actividades sempre se tivo en conta, motivación dos nenos/as, os seus coñecementos previos do tema, é dicir, os seus intereses

No que se refire á relación cos alumnos/as , esta foi boa, si ten respecto e interese pola materia e móstranse dispostos a aprender. Intentouse crear un clima axeitado para que a clase de Relixión fose un lugar na que todos nos atopásemos ben e nos puidésemos expresar con liberdade e espontaneidade, valorando e respectando tódalas achegas e opinións ó mesmo tempo que as argumentábamos para que ninguén se síntese rexeitado.

INFORMACIÓN E REUNIÓN CON NAIS E PAIS:

Ao comezo do curso, no mes de setembro, realizouse unha reunión docente cos pais e nais para informarlle de todos aspectos organizativos e curriculares.

Dende a declaración do Estado de Alarma, faise un seguimento dos nenos por diversas vías de comunicación coas familias de xeito diario ou varias veces a semana.

EQUIPO DOCENTE:

O equipo de mestras que impartimos docencias nestes dous niveis estivo formado por:

MEMORIA FINAL CURSO 2019-2020

- Cándida Celeiro Montenegro.
- Patricia María Cons Formoso.
- Lydia Abudín Cartamil.
- María Flor López Seijas.
- María Begoña Salido Yáñez.
- Gemma Breijo Calvo.
- María Paz López.

Este equipo docente mantivo unha moi boa coordinación para mellorar o proceso de ensinanza- aprendizaxe do alumnado. Sendo presencial ata a declaración do Estado de Alarma, e despois mantendo a comunicación e coordinación a través da plataforma Cisco Webex Meetings, por vía telefónica e a través do correo electrónico.

PROPOSTAS DE MELLORA:

- Posibilidade de saídas o entorno extraordinario do colexio para traballar distintos contidos e así ter unha relación máis directa coa natureza.
- Iniciación no uso das Tecnoloxías da Información e da Comunicación.

7.3. MEMORIA DO TERCEIRO E CUARTO DE EDUCACIÓN PRIMARIA

3º e 4º de Educación Primaria

Con esta clase acordouse realizar un desdobre nas áreas de linguas, matemáticas e naturais coa intención de mellorar a atención educativa dada a gran diversidade de aprendizaxes. Esta medida ata finais do 2º trimestre resultou positiva.

O número de alumnos neste curso 2019-2020 foi:

- 3º curso: 8 alumnos
- 4º curso: 9 alumnos

O **equipo docente** formámolo:

- Marta N. Cubeiro París: Titora
- Lydia Abudín Cartamil (EF, e Desdobre)
- M^a Begoña Salido Yáñez (Inglés e Plástica)
- María Paz López (Música)
- Gemma Breijo Calvo (AL)
- Patricia M^a Cons Formoso (PT)

- M^a Flor López Seijas (Relixión Católica)

Este equipo estuvo coordinado de xeito regular o que resultou beneficioso para o desenvolvemento do aprendizaxe.

Como **parte a destacar** é o desenvolvemento da atención aos alumnos durante o Estado de Alarma Nacional dende o 12 de marzo polo Covid 19, cando remataron as clases presenciais.

Isto provocou unha adaptación da metodoloxía, contidos, as clases... **A atención do alumnado e pais** fixémosla “On Line”, utilizando os medios tecnolóxicos dispoñibles polas familias; no caso de 3^o e 4^o mantivémolo por correo electrónico, teléfono móbil, whatsapp, Web do Centro, e vídeo chamadas por Hangouts. O que fixeron neste período foron **actividades de repaso** de materia dada nos dous primeiros trimestres, polo tanto o programado para o terceiro trimestre quedouse sen tocar. **Traballaron cos** libros de texto, fichas de cadernos de comprensión lectora, operacións, problemas e outras actividades conxuntas de todo o centro dentro dos proxectos levados a cabo.

Os **Resultados Académicos** dos alumnos de 3^o foron satisfactorios, acadando os obxectivos mínimos e as competencias claves desenvolvidas; un deles con Reforzo Educativo.

Nos alumnos de 4^o tamén foron satisfactorios, acadando os obxectivos e competencias claves desenvolvidas; dous con Reforzo Educativo.

En canto ao **contacto cos pais**, tivemos unha reunión ao comezo do curso para informarlles de todos os aspectos organizativos e curriculares. Ao longo do curso, a relación cos pais foi positiva, mantendo reunións individuais cando foi necesario ou solicitadas por eles, para informar do desenvolvemento dos alumnos. Cabe destacar a labor complementaria que fixeron, durante o tempo de confinamento; sen a súa colaboración no podería terse feito as actividades e o seguimento do aprendizaxe.

Propoñemos continuar cos Reforzos Educativos para eses tres alumnos, un reaxuste dos contidos a partir da avaliación inicial e mellorar á atención on line por si fora de novo necesario.

LINGUA ESTRANXEIRA

Os obxectivos dos cursos foron acadados por todo o alumnado con algunhas diferencias no grao de consecución. Durante os dous primeiros trimestres a actividade non tivo ningunha incidencia salientable, ao longo do período de confinamento o traballo fíxose a través da plataforma Milton Education que foi cedida gratuitamente a todo o alumnado e que permitiu a programación de actividades individualizadas de todas as destrezas adaptadas aos contidos xa traballados ao longo do curso con algunha actividade de ampliación en canto a vocabulario así como unha ampla oferta variada e graduada por niveis de lecturas e comprensións para cada curso. Unha vez á semana se programaban as actividades que os alumnos con medios tecnolóxicos realizaron practicamente na súa totalidade. Para o alumnado sen conectividade se deseñaron actividades que foron distribuídas por persoal do concello ou difundidas a través dos medios establecidos dende o centro.

MÚSICA

Durante estes cursos tratouse de introducir compoñentes lóxicos na comprensión de feitos musicais vivenciados anteriormente, facendo que @s nen@s representasen as súas expresións musicais, xa non por intuición, senón utilizando esquemas lóxicos. Non por introducir ao neno/a neste estudo un pouco máis convencional, se deixou de espertar neles o interese pola música que lle rodea.

Do mesmo xeito que en cursos anteriores, en 3º iniciouse co estudo sistemático da fruta doce. O seu interese foi enorme e conseguiuase que aprendesen a escala de Do e as súas combinacións con bastante soltura na súa interpretación que mostraron moi positivamente coa intervención nos distintos festivais celebrados no centro. Conseguiron perfectamente levar o ritmo binario de 2/4, tanto en ritmos libres como lidos con notas no pentagrama e interpretando pequenas partituras na fruta doce.

Foi importante tamén a expresión corporal que axudou a desinhibirse e romper esquemas preconcebidos, liberando as súas emocións e sentir interior.

Ademais da fruta, usamos tamén os instrumentos de percusión tanto determinados como indeterminados para ampliar as capacidades e posibilidades musicais e rítmicas d@s nen@s.

Tras decretarse o estado de alarma por COVID-19 planeáronse actividades de reforzo como a visualización dunha ópera na casa, exercicios de voz e percusión corporal, traballos de coordinación rítmicos ... Así como un vídeo de todo o centro coa realización dun playback, como celebración do día das letras galegas.

Aínda que moitas das actividades traballaban o mesmo en todos os cursos, o material sobre o que se traballaba(cancións, ritmos, etc) estaban adaptados ao nivel e aprendizaxes previos.

EDUCACIÓN FÍSICA

No segundo ciclo da etapa, o obxectivo primordial que se buscou foi que os alumnos/as desenvolveran patróns de movemento básicos eficientes que lles sexan de utilidade para toda a vida, pero sen chegar a precisións máis complexas e finas en relación co coñecemento e control do propio corpo, o espacio ou o tempo.

Ademáis, neste ciclo faise un uso maior e máis consciente da forza como axente directo de tódolos movementos, así como da coordinación, e todo esto polas demandas que plantean as novas e máis esixentes actividades motrices ás que debe facer frente.

Non só os alumnos/as comprenderán neste ciclo o que son capaces de facer, senón tamén o porqué do que fan, e que os xogos simples e os xogos predeportivos implican necesariamente unhas accións limitadas por unhas regras fixadas; ademáis de intentar que, ó longo do ciclo, o alumno/a adquira e desenvolva as destrezas xenéricas adquiridas no ciclo precedente, así como outras máis específicas propias do segundo ciclo da etapa.

A totalidade do alumnado acadou os obxectivos programados nas clases presenciais e un bó desenvolvemento das competencias básicas, tendo en conta os 5 grandes bloques de contidos que nos marca o actual currículo.

Ademais este ano participamos no Programa Xogade, co noso Programa Deportivo de Centro, participando estes cursos nas seguintes actividades:

- Actividade no centro co Club de Atletismo Narón

MEMORIA FINAL CURSO 2019-2020

- Día da Paz no colexio cunha carreira popular co alumnado e familias. Ademais da participacións do Club de Loita Galega, Club de Tiro con Arco Narón, Proxecto Enki e Club de Remo San Felipe.

-Visita de tres xogadores do Club de Fútbol Racing de Ferrol.

-Participación no Campo a través no Concello de Cabanas.

-Participación no Campo a través no Concello de Xuvia.

Seguindo coas instrucións dadas o 13 de Marzo de 2020 sobre a concreción das medidas a adoptar en relación a atención ao alumnado, teño habilitado un blog na páxina do colexio, no cal, cunha actualización semanal, vou colgando vídeos, recomendacións contra o sedentarismo, enlaces a páxinas web, programacións deportivas semanais,...tanto para o alumnado como para as familias.

<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceiplaxe/taxonomy/term/75>

Non se detectaron casos de alumnado sen conexión. A resposta do alumnado para enviar material das actividades propostas foi baixo, salvo na actividade “Educación Física na Casa” na que se propuxeron varios retos motrices.

7.4. MEMORIA DE QUINTO E SEXTO DE EDUCACIÓN PRIMARIA

RESULTADOS ACADÉMICOS

Os cursos 5º e 6º estiveron formados por 8 alumnos: 2 de 5º e 6 de 6º.

- 5º CURSO

Dos 2 alumnos que forman o grupo de 5º, alcanzan os obxectivos 2.

Un dos alumnos foi proposto para o programa REFORZA-T, e a familia aceptouno. Mostra dificultades na comprensión e matemáticas.

Tras decretarse o estado de alarma por COVID-19, os luns realizábanse clases individuais vía Skype, onde se explicaban as tarefas da semana. Estas enviábanse segundo o seguinte horario:



Os dous alumnos estiveron en comunicación coa mestra en todo momento. O alumno con seguimento pola mestra de REFORZA-T e a titora, presenta unha total dependencia dos para o traballo, manter una conversa ou mesmo responder unha pregunta simple. Cada vez tardaba máis en entregar as tarefas propostas, chegando a ser o único que non entrega un traballo grupal.

O outro alumno interesase pola aprendizaxe, pregunta dúbidas e quere presentar as cousas o mellor posible. A primeira semana o traballo foi algo desorganizado pero despois sempre entrego todo ao día seguinte.

Debido a situación antes mencionada, varios foron os conceptos sen traballar:

- Necesitan maior profundización na área de matemáticas na estadística.
- En ciencias naturais, no se traballaron as enerxías e a electricidade. Así como precisan máis traballo no reino dos animais.
- Precisan máis profundización en sintaxes en lingua galega e castelá.
- O proxecto LÓVA non puido concluírse coa representación da ópera. Polo que se realizou un vídeo Making off sobre o tema.

- 6º CURSO

Acadaron os obxectivos propostos 6 alumnos . Un dous alumnos foron propostos para o programa REFORZA-T. O primeiro está diagnosticado con TDH e o primeiro trimestre suspende matemáticas e lingua castelá. A familia está moi pendente polo que consegue superalas ao final. A outra alumna ,presenta un ambiente familiar un tanto inestable pero

conseguir sacar o traballo adiante. As últimas semanas presentou un pouco de baixada de rendemento, pero dentro do normal.

Tras decretarse o estado de alarma por COVID-19, esta última alumna tivo problemas de conexión polo que os primeiros seguimentos leváronse a cabo vía telefónica. A partir de salientar ese problema, os seguintes foron iguais aos seus compañeiros. Os luns realizábanse clases individuais vía Skype, onde se explicaban as tarefas da semana. Estas enviábanse segundo o mesmo horario que o explicado no punto anterior.

O resto do alumnado presenta un rendemento moi bo chegando a excelente. Amonan un gran interese pola aprendizaxe e unha alta responsabilidade polo ser traballo.

Debido a situación antes mencionada, varios foron os conceptos sen traballar:

- Necesitan maior profundización na área de matemáticas na estadística así como quedou sen dar os polígonos regulares y o volume.
- En ciencias naturais, no se traballaron as enerxías e a electricidade. Así como precisan máis traballo no reino dos animais.
- Precisan máis profundización en sintaxis en lingua galega e castelá.
- O proxecto LÓVA non puido concluírse coa representación da ópera. Polo que se realizou un video Making off sobre o tema.

LINGUA ESTRANXEIRA

Os obxectivos dos cursos foron acadados por todo o alumnado con algunhas diferencias no grao de consecución. Durante os dous primeiros trimestres a actividade non tivo ningunha incidencia salientable, ao longo do período de confinamento o traballo fíxose a través da plataforma Milton Education que foi cedida gratuitamente a todo o alumnado e que permitiu a programación de actividades individualizadas de todas as destrezas adaptadas aos contidos xa traballados ao longo do curso con algunha actividade de ampliación en canto a vocabulario así como unha ampla oferta variada e graduada por niveis de lecturas e comprensións para cada curso. Unha vez á semana se programaban as actividades que os alumnos con medios tecnolóxicos realizaron practicamente na súa totalidade. Para o alumnado sen conectividade se deseñaron actividades que foron distribuídas por persoal do concello ou difundidas a través dos medios establecidos dende o centro.

Cómpre destacar como novidade a asistencia á English Week no mes de outubro que supuxo unha inmersión lingüística moi proveitosa para o alumnado. Ao longo dunha

semana conviviron con alumnado doutros centros e desenvolveron actividades de todo tipo coa lingua estranxeira como idioma de comunicación e supuxo unha oportunidade para poñer en xogo as súas estratexias comunicativas na lingua inglesa cuns resultados moi satisfactorios.

MÚSICA

Neste ciclo desenvolveuse un estudo máis sistemático da música, así como tamén dun xeito convencional ó que corresponde á teoría da música. Completouse con audicións activas, bailes, danzas, bandas rítmicas e conxuntos instrumentais, os cales ademais de facer cos nenos/as aprendesen os elementos da música activamente, fixeron que non perdesen en ningún momento o interese pola música. En todo o ciclo logrouse a comprensión e o gozo da música clásica e moita variedade doutras músicas de diversos países, épocas, ritmos, melodías e harmonías distintas.

Utilizaron moito o movemento corporal ordenado e tamén improvisado así como improvisación instrumental , o que foi moi positivo a nivel de mellorar comportamentos conflictivos.

Ademais dun desenvolvemento máis profundo da interpretación coa frauta doce, tamén participaron activamente na aprendizaxe dos diferentes instrumentos de percusión determinado e indeterminados. Utilizamos amplamente os instrumentos de placas :carillóns, metalófonos e xilófonos, non só en improvisacións senón lendo as partituras con ritmos de 2/4, 3/4 e 4/4. Fixeron grandes progresos , evolucionando moi positivamente no coñecemento e práctica musical.

Desfrutaron e conmovéronse coas escoitas en directo de diferentes concertos interpretados no centro.

Tras decretarse o estado de alarma por COVID-19 planeáronse actividades de reforzo como a visualización dunha ópera na casa, exercicios de voz e percusión corporal, traballos de coordinación rítmicos ... Así como un vídeo de todo o centro coa realización dun playback, como celebración do día das letras galegas.

Tamén se continuou o traballo do proxecto LÓVA coa realización do making off, profundando así na reflexión do que aprenderon, todo o traballo feito, puntos a mellorar, etc.

Aínda que moitas das actividades traballaban o mesmo en todos os cursos, o material sobre o que se traballaba(cancións, ritmos, etc.) estaban adaptados ao nivel e aprendizaxes previos.

EDUCACIÓN FÍSICA

Co alumnado do terceiro ciclo, os contidos referidos á iniciación deportiva e aos deportes alternativos, tiveron un grande peso na parte presencial do curso.

A totalidade do alumnado acadou os obxectivos programados e un bo desenvolvemento das competencias básicas, ademais de tratar axeitadamente os contidos propios do bloques de contidos básicos nos que se divide a nosa área.

Debo destacar a inclusión de unidades didácticas alternativas (co obxectivo de ofrecer novos ambientes de aprendizaxe, altamente motivantes e pedagóxicos): “Iniciación á orientación”, “Iniciación ao béisbol”, “iniciación aos deportes alternativos e paralímpicos”.

Ademais este ano participamos no Programa Xogade, co noso Programa Deportivo de Centro, participando estes cursos nas seguintes actividades:

- Actividade no centro co Club de Atletismo Narón
- Día da Paz no colexio cunha carreira popular co alumnado e familias. Ademais da participacións do Club de Loita Galega, Club de Tiro con Arco Narón, Proxecto Enki e Club de Remo San Felipe.
- Visita de tres xogadores do Club de Fútbol Racing de Ferrol.
- Participación no Campo a través no Concello de Cabanas.
- Participación no Campo a través no Concello de Xuvia.

Seguindo coas instrucións dadas o 13 de Marzo de 2020 sobre a concreción das medidas a adoptar en relación a atención ao alumnado, teño habilitado un blog na páxina do colexio, no cal, cunha actualización semanal, vou colgando vídeos, recomendacións contra o sedentarismo, enlaces a páxinas web, programacións deportivas semanais,...tanto para o alumnado como para as familias.

<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceiplaxe/taxonomy/term/75>

Non se detectaron casos de alumnado sen conexión. A resposta do alumnado para enviar material das actividades propostas foi baixo, salvo na actividade “Educación Física na Casa” na que se propuxeron varios retos motrices.

- COMUNICACIÓN COS PAIS E NAIS

MEMORIA FINAL CURSO 2019-2020

Ao inicio de curso, no mes de setembro houbo unha reunión cos pais e nais para informarlles dos aspectos máis salientables do novo curso. Sempre que foi necesario convocouse aos pais e nais, que estiveron en todo momento informados da evolución dos seus fillos e fillas. Ademais a axenda foi un instrumento que tamén axudou á colaboración coas familias.

Aínda así, a relación non foi sempre o fluída que se esperaba con algunhas familias dos alumnos e alumnas de 6º, chegando incluso a haber varios episodios de faltas de respecto, tal e como se recolle nas actas de tutoría.

Tras decretarse o estado de alarma por COVID-19, a comunicación foi sempre fluída. Os luns realizábanse clases individuais vía Skype, tras as cales moitos de eles aproveitaban para consultarme diferentes aspectos. Tamén se lles mantivo informados vía e-mail, sobre as tarefas do alumnado e aspectos a ter en conta sobre a situación dos mesmos.

O día 1 de xuño realizouse unha tutoría final con todas as familias para informar de como se realizarían as entregas de material do centro, a devolución dos ordenadores Abalar e os resultados finais do alumnado.

7.5. MEMORIA DO EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA

INTRODUCCIÓN

O traballo desenvolvido ao longo deste curso por parte do Equipo de Dinamización da Lingua Galega estivo encamiñado a levar a cabo as actividades descritas de seguido e que presentamos no PROXECTO DE FOMENTO DO USO DO GALEGO no centro, e que foi remitido con data do 25 de xaneiro de 2019 (Número de entrada 2019/166500).

O noso obxectivo principal consistiu en que a nosa lingua estivese presente en todos os ámbitos do centro.

ACTIVIDADES DESENVOLVIDAS BIBLIOTECA:

- Ampliamos os fondos de consulta adaptados á idade dos alumnos, en lingua galega de cara a fomentar os hábitos de lectura, tanto a nivel escolar como familiar.
- Colocamos carteis coas normas de emprego da biblioteca.
- Realizamos sesións de contacontos.

MEMORIA FINAL CURSO 2019-2020

□ Seleccionamos lecturas referentes ao lema do proxecto referente a este ano que baseouse no tema “A VOLTA O MUNDO DE MAGALLANES”. Con este mesmo centro de interese decoramos as portas das aulas do centro.

Seleccionamos o libro PIONEIRAS para traballar a igualdade a través das primeiras mulleres en destacar nalgũa das áreas tanto científica, deportiva, escritora,...

CONFECIÓN DO XORNAL ESCOLAR:

□ Confección de traballos para o xornal escolar que publicamos a finais do curso escolar e do que acompañamos un exemplar.

□ A versión dixital do xornal atópase colgada na nosa páxina web, aloxada na nosa web: <http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipalaxe/>

REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS:

□ Como recollimos no proxecto inicial, os obxectivos destas actividades consistiron en potenciar a realidade e a cultura galega na escola e a valoración das tradicións galegas, involucrando ás familias neste proceso.

□ Realizamos as ambientacións e decoración tanto do centro como do propio espazo da Biblioteca para o desenvolvemento das diversas actividades levadas a cabo.

□ Elaboramos materiais para a conmemoración do Magosto, do Día da Paz , do Entroido, Día do Libro, Semana da Prensa e Día das Letras Galegas.

AVALIACIÓN DO PROXECTO

O profesorado participou e involucrouse nas actividades propostas polo Equipo de Dinamización da Lingua Galega.

Con respecto á actividade anual do noso Xornal Escolar, estamos máis que satisfeitos cos obxectivos inicialmente proposto e os acadados.

O Equipo de Dinamización tratou de propoñer e coordinar as actividades que se desenvolveron no centro desde os distintos equipos e titorías, ao longo do curso.

Contamos en todo momento, coa colaboración das familias e do Concello que dunha ou outra forma axudaron na promoción e na realización das distintas actividades abertas, que levamos a cabo ao longo do curso.

MEMORIA FINAL CURSO 2019-2020

Participamos e fixemos partícipes tamén, a distintos organismos, entidades e empresas do contorno que ofertaron actividades para os rapaces, ou as que lles solicitamos colaboración no desenvolvemento doutras que consideramos interesantes para os nosos alumnos e alumnas.

Podemos afirmar que os obxectivos plantexados no proxecto para este curso, foron acadados na súa totalidade, dentro das posibilidades que nos permitiu a subvención económica concedida.

Non se realizaron cambios con respecto á programación inicial porque foron financiados coa partida de gastos de funcionamento do centro ao ser insuficiente para a consecución dos mesmos a contía concedida.

PROPOSTAS DE MELLORA

Tendo en conta a partida recibida para a realización dos obxectivos previstos, non podemos permitirnosa nada máis que manter as expectativas actuais e propoñemos polo tanto melloras de carácter cualitativo xa que cuantitativamente a axuda concedida chegou soamente para cubrir unha parte do investimento realizado.

A Coordinadora

Asdo: Patricia M^a Cons Formoso

7.6. MEMORIA DE PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA E AUDICIÓN E LINGUAXE

7.6.1. INTRODUCCIÓN

A diversidade de alumnado é unha realidade, de aí que se tivo moi en conta a importancia de dar resposta ás distintas necesidades que se presentaron, tal e como se recolle no D.229/2011, do 7 de xaneiro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

No centro hai alumnado con Necesidade Específica de Apoio Educativo, polo que se dispón de recursos para atender ás súas necesidades, como é o profesorado de apoio e a súa propia aula. En canto ao persoal, hai unha mestra de PT que comparte a dirección, unha mestra de AL preferente e unha orientadora como xefa do Departamento de Orientación

compartida cos CEIP Pazos e CEIP Almirante Juan de Lángara (como centro base). A AL compartida con estes dous centros máis, este ano non tivo horario no centro xa que o completa a AL preferente.

7.6.2. ACTUACIÓN DAS MESTRAS ESPECIALISTAS EN PT E AL

No Decreto 374/1996, no seu artigo 84, e na Orde do 24 de xullo de 1998 (art. 7), aparecen recollidas as funcións para os mestres especialistas en Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe.

O horario foi elaborado tendo en conta as necesidades do alumnado, dándolle prioridade aos alumnos con unha adaptación curricular. Ao longo do curso fixéronse as modificacións oportunas en función da variación de necesidades do alumnado e do centro.

A intervención educativa da mestra de PT foi dirixida fundamentalmente a compensar as dificultades de aprendizaxe que se presentaron, principalmente, nas áreas instrumentais básicas (linguas e matemáticas) e á adquisición de técnicas, habilidades, actitudes e destrezas básicas que axudaran á mellora do traballo e ao mellor desenvolvemento da personalidade do alumnado. A pesares de compartir finalidade, o especialista en Audición e linguaxe centrouse máis no desenvolvemento das capacidades comunicativo - lingüísticas, sendo esta unha das competencias necesarias para o desenvolvemento integral dos nosos alumnos.

A intervención realizouse en relación a tres niveis:

- En relación ao alumno/a:
 - Prestarlle atención directa ao alumno/a con NEAE.
 - Colaborar na identificación e avaliación de NEAE.
 - Observar o progreso do alumno/a e avalialo en colaboración co mestre/a de área.
- En relación ao mestre/a:
 - Colaborar na elaboración, seguimento e avaliación das Adaptacións Curriculares individuais, así como das medidas de reforzo.
 - Colaborar no establecemento da metodoloxía e avaliación a seguir co alumno/a que presentan NEE.
 - Elaborar e deseñar materiais específicos para cada alumno/a.
- En relación ao centro:

MEMORIA FINAL CURSO 2019-2020

- Participar na elaboración dos horarios dos alumnos/as con NEAE.
- Coordinación cos profesionais que interveñen na educación dos alumnos/as con NEAE.
- Participar nas sesións de avaliación nos niveis que teñan alumnos/as con NEAE.

Esta actuación levouse a cabo de forma globalizada, para o que foi fundamental a coordinación co resto de profesorado.

Obxectivos xerais da intervención co alumnado:

- Acadar o máximo desenvolvendo as potencialidades de cada alumno.
- Mellorar a integración do alumnado tanto no centro como na aula a través da adquisición de habilidades sociais.
- Adquirir uns hábitos de autonomía que lle permitan desenvolverse na vida diaria, así como no traballo na súa aula e no centro.
- Acadar o desenvolvemento de tarefas que requiran certa responsabilidade.
- Favorecer a adquisición das aprendizaxes instrumentais básicas.
- Mellorar a integración na comunidade educativa e na sociedade.
- Favorecer a autoestima positiva do alumnado, como medio favorecedor da formación do alumno/a en todos os ámbitos.
- Mellorar os procesos psicolóxicos básicos (atención, percepción e memoria).
- Iniciar, adquirir e mellorar a lectoescritura.
- Previr os posibles déficits ou trastornos da aprendizaxe do alumnado.

Aspectos prioritarios a traballar co alumnado:

- Percepción, atención e memoria
- As técnicas instrumentais:
 - ✓ Comprensión e expresión oral
 - ✓ Comprensión lectora
 - ✓ Escritura
 - ✓ Razoamento
 - ✓ Cálculo
 - ✓ Hábitos de traballo e autonomía
 - ✓ Linguaxe
 - ✓ Habilidades sociais
 - ✓ Motricidade

✓ Coñecementos de área

A intervención das mestras de Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe no presente curso realizouse tanto dentro como fóra da aula ordinaria, logo do consenso cos mestres/as titores/as, polo carácter específico das dificultades presentadas polos alumnos.

7.6.3. RELACIÓN DE ALUMNOS/AS ATENDIDOS POLA MESTRA DE PT

□ 1 alumno con NEAE asociadas a TEA 1º de Primaria

➤ Os principais obxectivos de cara á intervención foron: reforzar contidos curriculares da súa etapa; identificar condutas non axeitadas cos compañeiros e a nivel de centro; establecer rutinas de traballo e intentar romper cos patróns repetitivos xa interiorizados e con outros que foron aparecendo; observar e explorar o seu entorno familiar, natural e social; adquirir progresivamente autonomía nas actividades habituais; desenvolver capacidades afectivas e habilidades comunicativas.

Conta con auxiliar técnico educativo.

Recibiu 3 horas de apoio, aínda que ás veces non podía efectuarse a súa intervención polas labores que tiña a PT como directora.

□ 1 alumna con NEAE asociadas a TEA. 1º de Primaria

➤ Os principais obxectivos de cara á intervención foron: traballar contidos curriculares da súa etapa; establecer rutinas de traballo e intentar romper cos patróns repetitivos xa interiorizados e con outros que foron aparecendo; observar e explorar o seu entorno familiar, natural e social; adquirir progresivamente autonomía nas actividades habituais; desenvolver capacidades afectivas e habilidades comunicativas.

Conta con auxiliar técnico educativo.

Recibiu 3 horas de apoio, aínda que ás veces non podía efectuarse a súa intervención polas labores que tiña a PT como directora.

□ 4 alumnos con dificultades de aprendizaxe da aula de 1º e 2º de Primaria

➤ Os obxectivos de cara á intervención foron desenvolver as técnicas instrumentais básicas, adquirir unha lectura eficiente e fluída. Lograr unha boa comprensión lectora. Mellorar a súa atención. Aumentar a súa competencia na resolución de problemas. E

mellorar a súa autoestima e autoconcepto. Reforzar contidos curriculares traballados en aula.

Recibiu 3 horas de apoio, aínda que ás veces non podía efectuarse a súa intervención polas labores que tiña a PT como directora.

7.6.4. RELACIÓN DE ALUMNOS/AS ATENDIDOS POLA MESTRA DE AL

- o **Unha alumna con NEAE asociadas a TEA de 1º de EP:** o obxectivo xeral é mellorar a súa competencia comunicativo-lingüística, tratando os seguintes aspectos: favorecer as capacidades cognitivas básicas (prerrequisitos-funcións executivas), potenciar a semántica (especialmente o vocabulario expresivo) dentro dunha estrutura sintáctica axeitada, mellorar a pragmática facilitando a interacción, a iniciativa comunicativa e a linguaxe social, principalmente, favorecer as habilidades sociais e o xogo, mellorar a fala favorecendo unha articulación axeitada e potenciar unhas condutas correctas a través de rutinas, normas e consecuencias.

A súa atención foi de 6 sesións dentro da aula ordinaria, na aula de AL 3 sesións de 50 minutos e 2 de 25 minutos e unha sesión grupal na aula de AL nun obradoiro. Conta con ATE.

- o **Un alumno con dificultades da linguaxe e comunicación de 1º de EP:** o obxectivo xeral é mellorar a súa competencia comunicativo-lingüística, tratando os seguintes aspectos: favorecer as capacidades cognitivas básicas (prerrequisitos-funcións executivas), potenciar a semántica (especialmente o vocabulario expresivo) dentro dunha estrutura morfosintáctica axeitada, mellorar a Pragmática facilitando a interacción, a iniciativa comunicativa e a linguaxe social principalmente, favorecer as habilidades sociais e o xogo, mellorar a fala favorecendo unha articulación axeitada (fonética e fonoloxía) e potenciar unhas condutas correctas a través de rutinas, normas e consecuencias.

A súa atención foi de 6 sesións dentro da aula ordinaria, na aula de AL 3 sesións de 50 minutos e 2 de 25 minutos e unha sesión grupal na aula de AL nun obradoiro. Conta con ATE.

- o **Un alumno con discapacidade (dificultades de aprendizaxe e dificultades na comunicación social) de 2º de EP:** o obxectivo xeral é mellorar a súa competencia comunicativo-lingüística cos seguintes obxectivos específicos: favorecer as

capacidades cognitivas básicas (prerrequisitos-funcións executivas), potenciar a semántica dentro dunha estrutura morfosintáctica axeitada, mellorar a pragmática facilitando a interacción, a iniciativa comunicativa e a linguaxe social, principalmente, favorecer as habilidades sociais e o xogo e mellorar a fala favorecendo unha articulación axeitada.

A súa atención foi de 6 sesións dentro da aula ordinaria, 3 sesións individuais na aula de AL e unha sesión grupal na aula de AL nun obradoiro. Conta con ATE.

Un alumno con problemas de conduta de 2º de EP: o obxectivo foi mellorar o seu comportamento eliminando conductas disruptivas, potenciar as HHSS e favorecer a competencia emocional. A atención foi dunha sesión grupal no Obradoiro de Xogos e HHSS e seguimento na aula ordinaria cunha axenda de conduta.

- **Un alumno con dislalias, de 1º de EP:** o obxectivo foi mellorar a súa fala, adquirindo os fonemas alterados /ř/ e a discriminación do /s/ e /θ/. Os obxectivos foron alcanzados aínda que debido á interrupción do curso normal, deberemos asegurarnos a xeneralización no vindeiro curso para darlle o alta deste apoio. Asistiu dúas sesións de 25 minutos compartidas.

- **Un alumno con dislalias, de 1º de EP:** o obxectivo foi mellorar a súa fala xa que ten múltiples dislalias, mellorando os movementos bucofaciais, sopro e discriminación auditiva para adquirir os fonemas alterados e facer que a súa fala sexa intelixible. Asistiu dúas sesións de 25 minutos compartidas.

- **Un alumno con Trastorno de Comunicación Social e Dificultades Motrices e Trastorno de déficit de atención e hiperactividad, subtipo mixto, de 3º de EP:** o obxectivo xeral é mellorar a súa competencia comunicativo-lingüística cos seguintes obxectivos específicos: favorecer as funcións executivas, mellorar a motricidade fina, mellorar a pragmática (Teoría da Mente), favorecer as habilidades socio-emocionais, reforzar a lectoescritura e potenciar a autonomía, estratexias de traballo e autoestima.

A súa atención foi de 4 sesións individuais na aula de AL e unha sesión grupal na aula de AL nun obradoiro. Conta con ATE.

Tamén se realizaron tres Obradoiros:

- o **Obradoiro de Xogos e Habilidades Sociais:** cun grupo de 6 alumnos na aula de AL, unha sesión semanal.

- **Obradoiro de Relaxación:** na aula de 1º e 2º de EP, unha sesión semanal.
- **Programa de Estimulación da Linguaxe Oral en Infantil (P.E.L.O.),** unha sesión á semana.

A comunicación estableceuse por whatsapp, blogue, email, videoconferencias e chamadas de teléfono.

MEDIDAS DEBIDO Á SUSPENSIÓN DAS CLASES PRESENCIAIS POLO CORONAVIRUS.

Debido á situación que se viviu este curso (dende o 12 de marzo ata o remate do curso) onde non puidemos asistir ao colexio, a planificación de parte do segundo trimestre e mailo terceiro cambia. No caso destes apoios tan individualizados, máis que o material en si, o que importa é a metodoloxía (a estruturación da sesión, a comunicación que se establece, o guialos nas tarefas, as ordes, os reforzos...) pero xa que iso é imposible na distancia, buscouse material dos distintos aspectos a traballar que se foi poñendo no blogue de aula. Desta forma, podían realizar actividades de forma sinxela (fichas de imprimir, láminas, vídeos), e material que non precisara moita elaboración por parte da familia. Evidentemente, houbo aspectos/contidos que non se puideron traballar onde é necesaria a presenza física, por exemplo (atención compartida, moitos aspectos do xogo, da pragmática, a interacción, a imitación, a corrección de condutas, etc.) pero intentouse

7.6.5. VALORACIÓN AVALIACIÓN DA CONSECUCIÓN DOS OBXECTIVOS E AVALIACIÓN

Finalizaremos esta memoria facendo referencia tanto aos logros como ás dificultades atopadas.

A programación desenvolveuse con toda normalidade, pero cabe destacar a importancia que tivo a mestra de Audición e Linguaxe Preferente xa que o alumnado con NEAE ten unha boa coordinación e continuidade no seu traballo algo moi importante para a súa evolución.

Isto da lugar a que as horas que se lle dedican ao alumnado sexan moito máis satisfactorias. A mestra de PT a súa vez é a directora do centro, e única no equipo directivo polo que ten moitas tarefas que desenvolver e ás veces non pode realizar os apoios.

Ademais a figura da orientadora está practicamente ausente(aínda que a súa labor e implicación có centro é moi eficaz), xa que está compartida con outros dous centros CEIP Pazos e CEIP Almirante Juan de Lángara , que é o seu centro base e có cal é moi difícil a súa coordinación.

7.7. MEMORIA DO EQUIPO DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

GRAO DE CUMPRIMENTO DOS OBXECTIVOS

Durante o desenvolvemento do curso 2019/2020, a participación de todo o alumnado do colexio neste tipo de actividades foi maiormente positiva.

Na franxa horaria que vai desde as 16:30 a 18:00 horas tiveron lugar as actividades extraescolares seguintes: Kárate, Patinaxe, Manualidades e Baile Moderno.

En liñas xerais, alcanzáronse todos os obxectivos propostos a principios do curso.

ACTIVIDADES

As actividades desenvolvidas ao longo do curso, algunhas delas en colaboración co Equipo de Dinamización de Biblioteca e de Dinamización da Lingua, foron as seguintes:

1. CELEBRACIÓNS

- DÍA DA BIBLIOTECA ESCOLAR (24 de outubro 2018)

o Celebráronse dúas sesións de contacontos, unha para educación infantil e 1º e 2º de primaria e outra para o alumnado de 3º a 6º de primaria.

- FESTA DO OUTONO (2 de novembro 2018)

o Celebrouse o Magosto e o Samaín.

O noso cole encheuse de maxia da man do Mago Benxamin, celebrando a semana do Samaín e grazas a colaboración da ANPA.

Grandes e pequenos pasamos un rato divertidísimo e sorprendente cos truques de Benxamín, que non deixou indiferente a ninguén dos alí presentes.

As portas das aulas e os corredores cambiaron a súa decoración.

Tamén degustamos castañas asadas e leite pola xentileza do ANPA.

E por último preparamos moitísimos xogos populares cun toque especial de Samaín, ademais dun concurso de baile súper terrorífico onde puido participar o alumnado cun premio moi goloso.

O alumnado e as súas familias pasaron unha xornada terroríficamente divertida.

- NADAL (21 de decembro 2018)

MEMORIA FINAL CURSO 2019-2020

Tivemos a sorte de que Papa Noel vira a visitarnos cun Elfo moi agarimoso, este ano viñeron moi motorizados.

Os adornos da arbore de Nadal foron elaborados polos nenos e nenas con material reciclado.

Decoramos todas as portas do cole onde participaron activamente os nenos e nenas.

Un Certame de Postais de Nadal, a gañadora sería a felicitación utilizada para desexar a toda a Comunidade educativa unhas boas festas.

Na sala de usos múltiples realizamos un pequeno festival onde cada curso interpretou unha peza de.....

Logo degustamos produtos típicos navideños que trouxeron das súas casas.

Fixemos un tríptico de recomendacións de lecturas en galego para que o alumnado o levara para as súas casas.

• DÍA DA PAZ (30 de xaneiro de 2019)

Para celebrar este día organizamos unha andaina solidaria, recollida de fondo para A Cociña Económica de Ferrol. Elaboramos un mural coa palabra PAZ en moitísimos idiomas. No mural participou todo o alumnado. Foi un día agotador xa que tivemos a visita de clubs como ENKI, loita libre, club de remo e tiro con arco ademais de dous xuíces de atletismo. Participou toda a Comunidade Educativa e foi un día moi importante para todo o alumnado que aprendeu a compartir , convivir.... Ademais dunha festa HOLY e un baile a ritmo de zumba.

• ENTROIDO (Do 25 de febreiro ao 1 de marzo de 2019)

Este ano a celebración do Entroido foi adicada ós A VOLTA O MUNDO DE MAGALLANES, cada aula traballou a figura de Magallanes e polos países que viaxou para logo disfrazarse. Durante toda a semana A Meca mandounos algo moi complicado vir o luns vestidos de pixama, o martes fumos de praia, o mércores aproveitando a plantación de árbores en Brión mandounos vir disfrazados de labregos e o xoves tivemos un día moi elegantes, houbo moitas plumas, lentejuelas. trouxeron moitas cousas que algunhas deron moito traballo. Tamén fixemos unha comparsa ata a Asociación de Veciños de Valón e os/as alumnos/as realizaron uns bailes moi divertidos en compañía das súas mestras e toda a comunidade educativa puido gozar.

MEMORIA FINAL CURSO 2019-2020

Por último despois de que o alumnado lese o testamento da Meca a fomos a queimar o colexio.

- DÍA DE ROSALÍA DE CASTRO (24 de febreiro)

Celebra o día de Rosalía de Castro o 24 de febreiro, coincidindo co Entroido.

Cada aula recitou unha poesía de Rosalía e todos xuntos na sala de usos múltiples compartimos a experiencia. Rematamos o acto cantado e bailando unha canción adaptada dunha obra de Rosalía.

2. CONMEMORACIÓNS:

As seguintes conmemoracións celebráronse con actividades a nivel de aula:

- 20 de novembro, día Internacional da Infancia.
- 25 de novembro, día Internacional contra a violencia de xénero.
- Do 3 ao 11 de decembro, Constitución e Estatuto de Autonomía.
- 3 de decembro, día Internacional das persoas con discapacidade.
- 10 de decembro, día da declaración universal dos dereitos humanos.
- 30 de xaneiro, día escolar da non violencia e da Paz.
- 8 de marzo, día internacional da muller.
- Do 11 ao 15 de marzo, semana da prensa.
- 15 de marzo, día mundial dos dereitos do consumidor.
- 7 de abril, día mundial da saúde.
- Entre o 23 e o 26 de abril, semana do libro.
- 9 de maio, día de Europa.
- Do 13 ao 17 de maio, semana das Letras Galegas.
- 5 de xuño, día mundial do medio ambiente.

3. SAÍDAS E VISITAS:

Durante este curso 2019/2020 realízanse a s seguintes actividades tanto para o alumnado de E. infantil como para E. Primaria, sen destacar ningunha incidencia.

1º TRIMESTRE

- Visita o teatro E. Infantil (6/10/19).
- Visita o teatro en Narón E. Primaria (22/10/19).
- English Week Os Peares 5o e 6o (do 20 o 26/10/19).
- Celebración do Samaín e Magosto (30/10/19)
- Celebración no colexio do Día Internacional contra a violencia (25/10/19).
- Visita a Papiromate e chocolate con churros en Ferrol (19/12/19).
- Visita de Papá Noel o cole e concerto de música no colexio (20/12/19).

2º TRIMESTRE

- Celebración da carreira Pola Paz e xincana deportiva (30/01/20).
- Visita a Casa das Ciencias e o Acuario E. Primaria (12/02/20).
- Saída a carreira Campo a través en Cabanas E. Primaria (14/02/20).
- Saída a plantación en Brión E. Primaria (19/02/20).
- Celebración do Entroido no colexio (21/02/20).
- Conmemoración do Día de Rosalía no colexio (2/03/20).
- Visita a Coruña E. Primaria a Coruña (3/03/20).
- Celebración Día da Muller no colexio (9/03/20).
- Visita do Racing Clube de Ferrol o colexio (11/03/20).

3º TRIMESTRE

-Non se celebra ningunha actividade debido a declaración do Estado de Alarma o 14/03/20 por mor da crise sanitaria pola COVID-19.

Plantación en Brión Educación Primaria



Teatro en Narón de Infantil



Atletismo 3º e 4º



Os Peares 5º e 6º (Englih Week)



PROPOSTAS DE MELLORA

Pretendemos continuar coas actividades deste ano e engadir algunha a proposta dos pais/nais/mestres/alumnos.

Compoñentes do equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares:
Todo o Claustro.

7.8. MEMORIA ANUAL DA COMISIÓN DE CONVIVENCIA

SITUACIÓN ACTUAL DA CONVIVENCIA

a) Enfoque actual

O enfoque da convivencia no centro tivo unha visión construtiva e positiva polo que as actuacións foron encamiñadas ao desenvolvemento de comportamentos axeitados para convivir mellor e resolver conflitos a través da participación, dos diversos canles de comunicación e da prevención de problemas de conduta.

Ao tratarse dun centro de Infantil e Primaria, cunha ratio reducida, a convivencia desenvolveuse dun xeito máis que aceptable. Na actualidade o clima de convivencia no centro é gratamente positivo. Ao longo do curso non se observaron serios problemas aparecendo algúns conflitos esporádicos, xeralmente por desadaptacións, que se resolveron fundamentalmente co diálogo e con algunha medida disciplinaria de carácter menor.

b) Respostas ante as situacións

MEMORIA FINAL CURSO 2019-2020

A resposta educativa do centro estivo relacionada co desexo de mellorar as canles de diálogo, respecto e comunicación, como medio para solucionar calquera conflito e coa necesidade de potenciar a convivencia a través da adquisición de habilidades de enfrontamento ante os conflitos que puideron xurdir.

c) Relación coas familias e a comunidade

Mantivéronse reunións periódicas de información e coordinación de carácter global e particular nas horas reflectidas na Programación Xeral Anual.

Foi moi importante a actuación dos titores en canto á coordinación coas familias de cara a fomentar unha maior colaboración do sector de pais e nais.

As situacións particulares que afectaron á convivencia e resolución de conflitos adoitaron ser comentadas coas familias cando tivo lugar algún tipo de intervención ante unha determinada conduta.

OBXECTIVOS TRABALLADOS NO PRESENTE CURSO

Tal como figura no Plan de Convivencia elaborado, os obxectivos que perseguimos durante o presente ano académico foron os seguintes:

- Acadar a integración de todo o alumnado sen discriminación por razóns de raza, sexo, idade...
- Fomentar a implicación das familias.
- Mellorar as relacións entre todos os membros da comunidade educativa.
- Prever os conflitos.
- Procurar a autoestima profesional do docente.
- Aproveitar as diversas situacións que se produciron ao longo do curso escolar para que o centro fose un espazo de paz, respecto, diálogo e aberto ao contorno.

ACTIVIDADES

- Debate e discusión ao comezo do curso sobre O Plan de Convivencia e as Normas de Convivencia no seo da Comisión de Convivencia e do Consello Escolar.
- Unha vez por trimestre analizamos nas titorías a marcha da convivencia da clase, trasladando a información precisa ás Xuntas de Avaliación.

MEMORIA FINAL CURSO 2019-2020

- Tratouse na hora de titoría, e cando o titor/a o considerou necesario, calquera aspecto que afectase ás boas relacións e á convivencia do grupo.
- Fomentamos os valores democráticos: a tolerancia, a igualdade, o respecto, o diálogo, a resolución de conflitos de forma pacífica, a non violencia, etc.
- Elaboramos normas de conduta na aula. Dita actividade realizouse polos/as titores/as a principios de curso e mantivéronse activas ao longo de mesmo, aínda que se remarcaron con máis insistencia durante a segunda avaliación.
- Participamos en actividades de educación en igualdade.
- Participamos en actividades que contribuíron a mellorar a convivencia no colexio e fóra del:

o Unha vez por trimestre analizamos nas titorías a marcha da convivencia da clase, trasladando a información precisa ás Xuntas de Avaliación.

o Recordar as normas de conduta elaboradas, a través das respectivas titorías.

o Participar en actividades de educación en igualdade, así como no Plan Proxecta.

o Participar en actividades que contribúan a mellorar a convivencia no colexio e fóra del:

- 30 de xaneiro: Día da Paz e a non violencia.
- Mantivemos unha estreita relación cos servizos sociais do Concello para controlar o absentismo e dar a coñecer as situacións desfavorecidas das familias.

AVALIACIÓN

“A comisión avalía de xeito positivo o clima de convivencia do noso centro xa que logo non se detectaron problemas significativos”

O PRESENTE INFORME FOI APROBADO POLO CONSELLO ESCOLAR DO CENTRO, NA REUNIÓN MANTIDA O DÍA 29 DE XUÑO DE 2020.

A PRESIDENTA DO CONSELLO ESCOLAR

Asdo: Patricia M^a Cons Formoso

7.9. MEMORIA DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

A) INTRODUCCIÓN

O Departamento de Orientación do CEIP Plurilingüe A Laxe pertence a un centro de orientación compartido con outros dous centros o CEIP Pazos e o CEIP Almirante Juan de Lángara e Huarte de Ferrol (centro base) . Como se recolle no Decreto 120/1998 do 23 de abril, que regula a orientación educativa e profesional en Galicia, coma na Orde do 24 de Xullo de 1998, reguladora da organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na nosa comunidade autónoma, os centros de 6 a 11 unidades contarán cun Departamento de Orientación compartida entre dous o máis centros, neste caso o nomeamento de destino da orientadora é o centro base, o CEIP Almirante Juan de Lángara e Huarte de Ferrol.

Cada un deles ten diferentes características socio-culturais e económicas propias das familias dos alumnos/as tal como reflexan os proxectos educativos dos centros.

Este aspecto diferenciador, supón unha enorme importancia para o funcionamento da orientación compartida, a implicación de todo o profesorado dos centros que comparten departamento, a coordinación dos seus equipos directivos e a optimización dos recursos, sexan persoais, materiais ou económicos.

Como recolle a **Circular 18/2007**, o concepto de orientación compartida implica o establecemento dunha serie de criterios que os equipos directivos deben ter en conta á hora de establecer os seus plans de orientación pedagóxica, reunión de equipos docentes ou sesións de avaliación.

A estrutura organizativa do **departamento** está formada polos seguintes compoñentes:

- Xefa do Departamento: Raquel Cabanas Porto. Sonia Fustes (Substituta)
- Mestra especialista en Pedagogía Terapéutica: Patricia Ma Cons Formoso.
- Mestra especialista en Audición e Linguaxe: Gemma Breijo Calvo.
- Mestra-titora de Educación Infantil: Rocío Monterroso Dopico.

A permanencia no Centro é de dous días á semana (un deles alternos), concretamente os mércores e venres, sendo as reunións do Departamento o segundo martes de mes en horario de tarde. As coordinacións cos titores se levaron a cabo en horario de mañá do seguinte xeito:

Mércores a 1ª hora: Begoña Salido Yáñez

Mércores a 3ª hora: Lidia Abuín Cartamil

Venres 1º hora: Patricia Ma Cons Formoso

Venres a 2ª hora: María Paz López

En ocasións, flexibilizáronse estas reunións, en función das necesidades do alumnado ou das familias ao longo do curso.

Dende o Departamento, marcouse **unha hora tutorial semanal**, de 17.00 a 18.00 tal e como se establece na lexislación vixente. De todos xeitos, dicir que a atención aos pais e nais dos nosos alumnos/as non só se realizaron durante esta hora de tutoría senón que se produciu durante toda a xornada escolar, favorecendo deste xeito que as familias puidesen acudir ás reunións. Tratouse de establecer, polo tanto, **un horario flexible**, onde se tivo como obxectivo principal, adaptar os horarios de tutoría do Departamento cos horarios laborais dos pais e nais dos alumnos e alumnas do Centro.

Sinalar tamén, que a mestra especialista en Audición e Linguaxe está compartida co CEIP Pazos de Ferrol e o CEIP Almirante Juan de Lángara e Huarte de Ferrol, aínda que este curso non estivo no centro xa que temos adxudicada unha AL Preferente.

B) OBXECTIVOS ACADADOS E ACCIÓNS REALIZADAS

No Plan de Orientación do Departamento de Orientación establecéronse unha serie de **obxectivos xerais** que abranguen a toda a comunidade educativa e que se especifican como obxectivos referidos ao centro, ao alumnado, ao profesorado e ás familias. A formulación dos mesmos implica un traballo continuado e permanente para a súa consecución ano tras ano.

Ofreceremos, polo tanto, un resumo das principais actuacións levadas a cabo polo Departamento de Orientación nos diferentes ámbitos de intervención ao longo o curso 2019-2020, no que estivo a orientadora titular ata finais de novembro, tomando eu a substitución ata finais de curso e valorando os diversos aspectos traballados na Educación Infantil e Primaria, para obter como obxectivo a retroalimentación e autoavaliación da acción orientadora, sendo posible deste xeito, a introdución dos cambios necesarios para mellorar a labor pedagóxica do Departamento de Orientación e **tratando de adaptarnos ás circunstancias sobrevidas a partir de marzo a causa da interrupción das clases presenciais polo COVID-19**, seguindo as instrucións que ían dictando as autoridades sanitarias e, en consecuencia, as educativas.

- **Toma de contacto coa realidade socio-cultural e educativa** do CEIP Plurilingüe A Laxe e as súas necesidades e demandas a abarcar dende o departamento.

- Elaboración do **Plan de Orientación** do Departamento.
- Tramitación de becas NEAE.
- **Planificación** coas especialistas de PT e AL **dos apoios** a levar a cabo nun primeiro momento no curso 2019-2020.
- **Seguimento de alumnos/as** avaliados e valoración de novos casos
- Cumprimentación do **DRDADI /DRDOrienta**
- Elaboración de **PII** para **alumnos T.E.A** de 1º EP.
- Elaboración **de axenda para alumno con dificultades de comportamento** de 2º EP.
- **Derivacións** á Unidade de Saúde Mental da Área Sanitaria de Ferrol.
- **Solicitud de continuidade da AL** preferente para o próximo curso.
- **Solicitud de intervención do EOE.**
- Colaboración coas diferentes institucións, asociacións, centros de Educación Especial da Comarca, ASPANEPS, UAT,...
- **Realización de avaliacións psicopedagóxicas** ao alumnado do cal se fixo demanda de intervención por parte das titoras ao departamento e redacción dos correspondentes informes psicopedagóxicos. Para estas avaliacións empregáronse diferentes test: Matrices progresivas de Raven, test de atención d2, ASQ para EI.
- Realización da **planificación das NEAE cara ao vindeiro curso 2020-2021.**
- **Reunións coas familias do alumnado con necesidade específica de apoio educativo** para informar dos progresos e das dificultades, de cara a facilitar a continuidade do proceso educativo no ámbito familiar.
- **Colaboración con actividades complementarias** do Centro Educativo.
- Realización de **informes para axuda de libros do ANEAE.**
- A participación na **revisión de Documentos de planificación e xestión** do centro e a contribución na dinamización e organización educativa.
- A **cooperación coa comunidade educativa**, favorecendo as canles de comunicación e actuación tanto co equipo directivo, profesorado, alumnado e familias.
- **Asesoramento** á comunidade educativa en todo o referido á atención á diversidade e ás actuación pedagóxicas que favorezan a integración, as actitudes tolerantes, resolución de conflitos, axuda no deseño de actividades específicas para o traballo dende a casa durante este terceiro trimestre,...
- **A identificación das dificultades e potencialidades** do alumnado con NEAE, elaborando pautas de actuación e estimulación e concretando as

- medidas para a súa atención, véndose algunhas destas valoracións
- interrompidas polo estado de Alarma, feito que quedará por escrito no
- Departamento para unha reanudación inmediata das mesmas en canto sexa posible.
- O establecemento e seguimento de **pautas educativas a nivel familiar e escolar** de alumnos/as con dificultades de atención e comportamento e/ou dificultades sociofamiliares, algunhas delas xurdidas polo confinamento
- durante un longo período de tempo: irregularidades do sono, comportamentos disruptivos,...
- **Reunións coas familias** dos alumnos e alumnas, sendo de xeito periódico as realizadas cos pais e nais do alumnado con NEAE.
- Elaboración de **Orientacións Metodolóxicas** para traballar na casa e na escola con alumnos/as con dificultades de atención e concentración, de
- comportamento, de dificultades na comprensión lectora, na expresión oral e escrita... especialmente durante a modalidade non presencial, na que un
- asesoramento máis directo mediante reunións deu paso a esta outra
- modalidade.
- Elaboración de **documentos específicos, de PT e AL** por parte das
- especialistas e **outros máis encamiñados ao aspecto emocional** pola orientadora, durante o tempo de confinamento, para un acompañamento,
- tanto ás titoras como ás familias.
- **Preparación do paso a Primaria:** a reunión informativa, debido ao estado de Alarma, non foi posible, polo que foi elaborado un díptico informativo para as familias do alumnado que pasa a 1º de Educación Primaria.
- **Reunión de coordinación co I.E.S. de Canido**, ao que estamos adscritos

C) MATERIAIS E RECURSOS EMPREGADOS

Dentro dos recursos humanos contamos coas compoñentes do Departamento de Orientación como axentes principais na atención á diversidade do alumnado. Neste apartado non nos podemos esquecer das mestres titoras que son as primeiras en detectar as dificultades e coas que nos coordinamos para desenvolver a nosa labor, e dos/as mestres/as especialistas que facilitan información adicional sobre o desenvolvemento do alumnado nas súas áreas respectivas.

En canto aos recursos persoais externos ao Centro, dende o departamento establecemos contactos con Inspección Educativa, co EOE, coa Unidade de Saúde Mental Infanto Xuvenil así como ca Unidade de Atención Temperá...

En canto aos recursos materiais, destacar os distintos documentos do centro, de especial importancia no desenvolvemento cotiá do mesmo. Ditos documentos aportan información e son de especial importancia cando a orientadora, neste caso de carácter provisional, toma o cargo e faise precisa unha toma de contacto coa realidade do Centro. É preciso cara ao desenvolvemento e elaboración de expedientes persoais, informes, avaliacións, novas escolarizacións e incorporación tardía do alumnado estranxeiro.

D) PROPOSTAS PARA O VINDEIRO CURSO

- **Coordinar os distintos niveis** de Educación Infantil e Primaria para establecer acordos que favorezan unha maior adaptación do alumnado de cada nivel.
- **Coordinar os apoios da especialista de PT e AL** para maximizar todo o posible o horario dispoñible.
- Establecer **apoios dentro das aulas**, nas áreas que se necesiten, sempre que o permita a dispoñibilidade do horario do resto do profesorado (coordinación coa dirección)
- Establecer criterios claramente definidos no POA **na planificación dos apoios e número de sesións de NEAE** dos especialistas e casos de especial relevancia avalados con Informe da Xefa do DO.
- Establecer **coordinacións e reunións de interniveis** unha vez ao trimestre, sendo a primeira ao comezo de curso no mes de setembro.
- Establecer parámetros de intervención e planificación nas novas escolarizacións de ANEAE.
- **Comezo de REFORZA-T no 2º trimestre**. Consideramos que era algo necesario nos cursos anteriores e que se fai especialmente imprescindible este curso, debido ás circunstancias que estamos a vivir e á importancia dunha boa planificación, cos recursos precisos, dunha primeira avaliación á altura das circunstancias que estamos a vivir.

Xefa do Departamento de Orientación.

Asdo.: Sonia Fustes

8. PROXECTOS

8.1. DINAMIZACIÓN DA BIBLIOTECA ESCOLAR

A VOLTA O MUNDO POR MAGALLANES, foi a temática que no presente curso aglutinou o traballo na biblioteca incluíndo a participación nas actividades do Equipo de Actividades Extraescolares, como Entroido, ou día das Letras Galegas (telemática)

Ademais da anterior actividade ao longo do curso fóronse realizando outra morea delas coa única pretensión de atender a diversidade do alumnado, fomentar o gusto pola lectura, e contribuír así a formar lectores reflexivos e críticos, que amen os libros.

Así destacamos:

- AS FAMILIAS CONTAN MOITO: co fin de procurar a implicación das familias na educación lectora dos seus fillos invitouse ás familias a participar en lecturas compartidas na biblioteca. Foi unha actividade que tivo moito éxito en educación infantil, ata o punto de que os propios alumnos “esixíanse” aos pais a súa participación na actividade.

E por suposto foi moi motivador para as familias que contaron contos para nos, tal e como o foron reflexando no caderno de visitas da biblioteca con frases como “gracias por animar ás familias a participar na vida dos seus fillos dentro do centro. Gracias por contar con nos”

-ACTIVIDADES DE ANIMACIÓN Á LECTURA E Á ESCRITURA: A celebración do Samaín este curso foi realizada na biblioteca por medio de contos colaborativos, resolución de enigmas e creación de historias a partir de obxectos agochados.

- LECTURAS APADRIÑADAS: leváronse a cabo unha vez o mes de lecturas apadriñadas. Na primeira sesión, os padriños e madriñas lectoras foron presentadas e decoraron o seu carné xuntos. Cada venres final de mes realizaron lecturas en distintas ubicacións do centro.

- GUÍAS DE LECTURA: dúas, unha coincidindo coas vacacións de nadal e outra coas de verán que foi máis ampla por difundirse por medio da páxina web do centro.

- NOVIDADES: creouse dentro da biblioteca un recanto cos novos libros e revistas que foron chegando á biblioteca.

- CATALOGACIÓN: de libros e revistas mercados para enriquecer a biblioteca de acordo ás necesidades, intereses, competencias e diversidade do alumnado do centro. Cómpre salientar a aportación de fondos feita pola ANPA nas materias de emocións e igualdade.

- AXUDANTES: ao longo de todo o curso, o alumnado de quinto e sexto de primaria axudou en tarefas sinxelas da biblioteca: colocación de libros, introdución ao manexo do programa de xestión...

Ao longo do período de confinamento a biblioteca serviu de apoio na difusión de materiais de lectura en diverso formato e para todas as idades que ofreceron gratuitamente distintas editoriais. Tamén serviu de apoio ás actividades que xurdiron arredor dos distintos proxectos do centro: Igualdade, Club de letras, patios dinámicos...

Levou a cabo unha ENQUISA SOBRE HÁBITOS LECTORES durante este período da que se sacou información para orientar a compra de fondos e a programación de actividades.

AVALIACIÓN

Moi positiva. Acadáronse os obxectivos propostos respecto da biblioteca como espazo de lecturas, onde lemos , nos informamos e aprendemos. E tamén que a biblioteca serve ao proxecto educativo do centro, poñendo a disposición da comunidade educativa os recursos presentes. Quedou pendente o de achegar a biblioteca ás familias creando espazos para acoller as nais e pais que acoden ao centro para traer a fillas ou fillos a actividades e integralos na biblioteca. Esperamos que o vindeiro curso se poida levar a cabo.

PROPOSTAS DE MELLORA

Seguir procurando a implicación das familias na educación lectora dos seus fillos e fillas; facendo así ponte de unión e colaboración. Aumentar na medida das posibilidades de toda a comunidade educativa a competencia lectora de todos e cada un dos alumnos e alumnas do centro así como a das familias.

As responsable da biblioteca

Asdo: María Begoña Salido Yáñez

8.2. PROXECTO LINGÜÍSTICO

O Proxecto Lingüístico do centro foi aprobado e avaliado polo Consello Escolar con data do 9 de outubro de 2018, e atópase perfectamente adaptado ao sinalado no Decreto 79/2010 para o plurilingüismo.

Cabe destacar que levamos a cabo todas as actividades especificadas no mesmo.

Os obxectivos marcados no proxecto lingüístico: Fortalecer a lingua galega, empregar a lingua galega como vehículo de expresión nas relacións do centro, mellorar a competencia lingüística da Comunidade Escolar e promover o coñecemento da nosa realidade cultural, cumpríronse amplamente.

Tal como se indica no artigo 14 decreto 79/2010 de 20 de maio (DOG do 25 de maio) de plurilingüismo, anualmente, elaborárase unha addenda do proxecto lingüístico.

Seguindo a Instrucción do 31 e xullo de 2013, o centro fixou a lingua predominante baseándose nos seguintes parámetros:

- O resultados da pregunta informativa e non vinculante realizada ás familias.
 - A realizade sociolingüística do entorno.
 - A garantía da presenza das dúas linguas cooficiais como vehiculares na programación anual do centro e, polo tanto, da adquisición de coñecementos nas dúas linguas
- Dita adenda foi realizada no mes de setembro, incluíndose na Programación Xeral Anual.

8.3. CENTRO PLURILINGÜE E PLURINFANTIL

A mestra M^a Begoña Salido Yáñez coordinou o proxecto de plurilingüe tanto en infantil como en primaria.

Este ano tampouco contamos coa figura do auxiliar de conversa xa que renunciou a praza no mes de setembro co cal non se incorporou ó centro.

As clases de plurinfantil estiveron impartidas pola docente: María Paz López na materia de música e na etapa de primaria na materia de plástica foi impartida por M^a Begoña Salido Yáñez.

MEMORIA FINAL CURSO 2019-2020

Tendo en conta o proxecto inicial elaborado, podemos dicir que o respectamos na súa gran maioría, aínda que tivemos que introducir modificacións xa que ao longo do curso xurdiron outros proxectos de interese que fomos integrando e adaptándonos á nova situación.


O mantemento dunha xuntanza semanal de todos os membros do equipo foi fundamental para o bo desenvolvemento do mesmo.

No que respecta ao orzamento para a adquisición de material, destinámolo principalmente a material funxible que precisamos para as tarefas programadas (obradoiros de artes); con todo, empregamos en moitas ocasións materiais de refugallo (obradoiro medioambiental), aínda que este ano non tivemos orzamento para dito proxecto foi o restante do ano anterior.

Para o proceso de avaliación do alumnado empregamos as asembleas, os traballos grupais e individuais, e as actitudes e habilidades acadadas ao final de cada actividade e ao final deste proxecto.

Durante o tempo de confinamento a materia de Plástica empregou a lingua inglesa así como a galega para a información sobre as actividades a desenvolver procurando así que o alumnado continuase practicando o vocabulario específico da materia.

Os materiais foron sempre expostos na páxina web do centro para continuar coa rutina mantida dende principio de curso de difundir as nosas obras de arte.



PROPOSTAS DE MELLORA:

- Necesario contar coa presenza da auxiliar de conversa.

- Unha partida orzamentaria para a compra de material para a realización de diversos proxectos.

8.4. PLAN TIC

O Plan TIC aprobouse o 09 de outubro 2019 adecuándoo á casuística actual. Continuouse a experiencia práctica de introdución ás TIC aplicada ás distintas áreas.

Dentro do Plan TIC establecemos un Plan de avaliación cuxos obxectivos baseados no coñecemento e eficacia, grao de aplicación e participación, expectativas innovadoras xeradas, resultados reais dos logros acadados e dificultades detectadas, así como os indicadores observables, cumpríronse maioritariamente.

PROPOSTAS DE MELLORA

- Asistir e asesorar ao profesorado na confección de traballos relacionados coas TIC.
- Instalar novo software nos ordenadores, informando e asesorando ao profesorado dos obxectivos e funcionamento de cada un.
- Continuación da actualización da páxina web.

8.5. PLAN PROXECTA

Co fin de regular todas aquelas actividades físico-deportivas que se levan a cabo nas instalacións do centro, tanto en horario escolar como extraescolar, xorde a creación do Proxecto Deportivo de Centro (PDC).

Nesta liña e sabendo que hai diferentes modos de orientar a práctica deportiva (polideportiva, de competición, de ocupación do tempo libre, de orientación cara á saúde, etc.)no noso centro orientamos dita práctica cara á saúde, a ocupación do tempo libre e a competición escolar.

Pretendimos con este proxecto, que a actividade física e o estilo de vida saudable, sexan unha sinal de identidade do noso centro.

Debido a situación excepcional deste curso, modificamos a nosa proposta a partir de Marzo, canda as clases pasaron a non ser presenciais.

O noso obxectivo principal é que o alumnado faga máis deporte, tanto en horario escolar como extraescolar.

Acercar aos escolares toda a oferta deportiva da comarca de Ferrolterra (visita dos clubs deportivos da comarca ao centro e ao revés).

Impulsar o desenvolvemento integral e harmónico do corpo a través do xogo e do deporte. Facer participe á comunidade educativa na necesidade de fomentar hábitos de alimentación saudables.

Sensibilizar á comunidade educativa: tratamos de crear unha influencia tanto no profesorado como nos alumnos e no resto da comunidade educativa.

Participar en XOGADE a través de carreiras de Campo a través dentro do deporte escolar, realizar XORNADAS INTERCENTRO de Deportes Alternativos e Xogos Populares.

Dinamización dos RECREOS para que sexan máis ACTIVOS.

Velar polo bo estado do material: cada ano faise unha revisión do material dispoñible e necesario para as actividades para realizar durante o curso. Co diñeiro destinado ao departamento de Educación Física repóñense os materiais necesarios e realízanse novas adquisicións de material atractivo para os alumnos. Normalmente faise un pedido ao ano.

Fomentar condutas responsables no uso da palabra para expresar emocións durante a práctica deportiva. 9. Gozar da práctica deportiva.

Enriquecer as habilidades sociais dos alumnos.

Elaborar e distribuír a oferta de actividades deportivas no centro. Hai que destacar tamén que tentamos publicitar todas as nosas actividades na prensa, para promocionalas e dalas a coñecer á nosa comunidade.

Difundir as actividades deportivas do Proxecto Deportivo: para promocionar a práctica deportiva que se desenvolve no centro e poñer a disposición toda a información da que dispoñamos. Informamos de todos os eventos e resultados deportivos cada semana, a través da páxina web, facebook.

Deporte escolar a través de XOGADE:

Cada trimestre un o dous Clubs da comarca visitaron o centro ou ao revés, para dar a coñecer o seu deporte a través dunha sesión. Informarán sobre horarios de entramento, funcionamento do club (localización, horarios de adestramento, competicións...) e invitarán os escolares a compartir un dos seus adestramentos.

Neste curso tivemos a visita do Club de Fútbol Racing de Ferrol e do Club de Atletismo de Narón.

Participar en XOGADE a través de carreiras de Campo a través dentro do deporte escolar, realizar XORNADAS INTERCENTRO entre diferentes centros da comarca.

Neste curso participamos en dúas, unha no concello de Xuvia e outra no concello de Cabañas.

MEMORIA FINAL CURSO 2019-2020

A través de un PFP estamos dándolle outra vida ao patio, intentando facelo máis atractivo, creando novos espazos de xogo (regrado, imaxinativo, simbólico...). Entre as accións máis salientables que se poden enmarcar dentro de este proxecto están:

-Montaxe de un rocódromo exterior.

-Pintado de xogos de lanzamento e precisión nos muros que cerran a pista cuberta.

-Pintado ao redor do colexio dunha gran mariola ou o que hoxe se coñece como "sensory path", o cal beneficiará a unha parte do alumnado con neae que necesita xogo cerrado establecido para participar nun recreo activo. Tivemos moita colaboración dos pais e nais dos alumnos para o pintado.

-Carro de material para o patio. Carro que se saca nos recreos con materiais como cordas, gomas, aros, bolos...que cambiamos cada certo tempo.

-Creación dun espazo no patio de escenario para xogar coa música e o teatro. Buscamos o movemento, a interpretación, o xogo co ritmo...

Moitas destas accións lévanse a cabo coa colaboración das familias, que veñen ao centro a elaborar materiais. Creamos nun centro aberto a comunidade, participativo e familiar.

Día do deporte e Carreira pola Paz. Coincidindo co día da Paz, celebramos no colexio unha carreira para alumnado e familias. Ese mesmo día catro clubs veñen ao cole e a modo de circuito, todos os participantes (alumnado, profesorado, pais, nais, avós, tíos...) van pasando polas estacións, onde se fan xogos de iniciación dos deportes eleixidos.

Este curso participaron o Club de Tiro con Arco de Narón, Proxecto Enki (sempre ven un club con algún deporte adaptado e este ano tivemos Handbikes), Club de Remo San Felipe, Federación de Loita Galega e a Federación Galega de Atletismo.

Ademáis este ano, Iria Grandal donou para facer un sorteo entre os participantes, unha camiseta e unha frecha adicadas; tendo así o alumnado a un referente deportivo olímpico da contorna.

Comentar tamén que o evento ten un carácter solidario, xa que os participantes fan unha aportación libre que é doada a Cociña Económica de Ferrol.

Como última das actividades deste día do deporte faise un baile dirixido. Este ano realizárono os alumnos de 5º e 6º de Primaria e tivo como temática o rechazo ao maltrato. Co comezo das clases non presenciais tivemos que cambiar o modelo de ensinanza e plantexar outro tipo de actividades, aínda que os nosos obxectivos seguían claros.

Démoslle máis vida ao blog de Educación Física que está enlazado na páxina web do colexio, facendo entradas semanais con retos motrices, creación de materiais, propostas de xogos, vídeos de baile, xogos interactivos de Educación Física para traballar diferentes aspectos por cursos... Ademáis de todas estas actividades o blog serviu como medio de

comunicación de recomendacións de actividade física e saúde para o tempo de confinamento.

<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceiplaxe/taxonomy/term/75>

Cabe destacar unha proposta "Día da Educación Física na casa". Unímonos a un proxecto nacional que reivindica a visibilidade da Educación Física e fixemos unha proposta de varios retos motrices durante todo o día. O alumnado tiña que remitir unha foto ou vídeo da proposta e o finalizar o día , a tódolos participantes lles fixemos chegar un diploma de participación.

Cada festa que realizamos no centro tivo un carácter deportivo. A celebración de Samaín e Magosto, fíxéronse uns xogos populares e temáticos para familia e alumnado. No Nadal realizouse unha ximcana por equipos con probas deportivas e das diferentes áreas. No Entroido montamos bailes e coreografías...

Participamos, a través da asociación Brinquedia, no Día do Peón. Traballamos co peón esa semana e ese día faise unha exhibición, concurso de peóns elaborados con materiais de refugallo...

Este curso, tanto a mestra de EF como a mestra de E.Infantil, formamos parte dun grupo de traballo de Psicomotricidade Aucouturier que establecerá un novo modelo de traballo da psicomotricidade en E.Infantil.

Colocamos nas escaleiras do centro cartelería para a promoción da actividade física e hábitos saudables e Pirámides alimenticias.

O centro tamén participa no proxecto de reparto de froita e leite unha semana ao trimestre , en relación co fomento dunha alimentación saudable . Ademais temos as merendas saudables, xa que cada día da semana adícase a un alimento que intenta escapar dos produtos elaborados, azucarados e industriais.

Participamos no Programa Ondas de Ilusións, que ademais de traballar contidos medioambientais, nos ofrece unha escola do mar. Fumos ao concello de Cabanas a practicar nunha xornada piragüismo pola ría.

Intentamos que o alumnado parta das súas experiencias previas neste eido e chegue a conclusións favorables con respecto á importancia da práctica deportiva e dunha alimentación e hábitos saudables para a vida das persoas.

Buscamos a implicación directamente do alumno xa que a aprendizaxe temos que entendela como un proceso de elaboración, así como a implicación das familias.

É por todo iso que o instrumento de avaliación máis fiable e a observación directa do disfrute do alumnado nas actividades propostas, o feedback que o alumnado ten ao remate

das mesmas e a observación dos cambios de comportamento en canto a alimentación e exercicio.

8.6. PFPP

MEMORIA ABN

En Educación Infantil traballamos a lóxica- matemática a través do Método ABN, que permite traballar as matemáticas dunha forma máis aberta e manipulativa, utilizando ao mesmo tempo unha grande diversidade de material, o que o fai máis atractivo para o alumnado.

Posto que no noso centro a aula de infantil é un grupo mixto(4º,5ºe 6ºdeEducación Infantil), as actividades realizadas foron adaptadas aos distintos niveis, distribuíndo os distintos bloques de contidos que se traballan con este método ao longo dos diferentes trimestres.

Debido ao confinamento provocado pola COVID-19, no terceiro trimestre levouse a cabo un repaso do traballado nos dous trimestres anteriores.

OBXECTIVOS

Co Método ABN traballamos os seguintes obxectivos:

- ✓ Buscar e crear conxuntos equivalentes.
- ✓ Establecer patrón físicos con e sen significado.
- ✓ Aplicar a cadea numérica de forma efectiva.
- ✓ Contar obxectos e sucesos da vida cotiá.
- ✓ Iniciar o proceso de retroconta.
- ✓ Xeneralizar procesos na táboa do100.
- ✓ Subitizar e estimar con diversidade de configuracións matemáticas.
- ✓ Representar graficamente os números.
- ✓ Introducir a decena nesta etapa.
- ✓ Repartir de maneira uniforme e irregular.
- ✓ Ordenar e comparar cantidades.
- ✓ Iniciar no cálculo: sumas.

BLOQUES DE CONTIDOS

Os cinco bloques de contidos traballados son os seguintes:

- Contar

MEMORIA FINAL CURSO 2019-2020

- Sentido do número
- Transformación dos números
- Xeometría
- Lóxica

ACTIVIDADES

Para acadar os obxectivos antes mencionados e traballar os distintos bloques leváronse a cabo as seguintes actividades:

- CONTAR

-Conteo dos compañeiros/as durante asemblea para pasar lista, de obxectos presentes na aula, dos dedos que temos nas mans para adquirir a secuencia numérica.

-Asociación de grafía- cantidade: ao mesmo tempo que se levaba a cabo o conteo, o neno/a xa busca a grafía correspondente; colocar tantos elementos como indica o número, formación de decenas.

-Secuenciación numérica: utilización da recta numérica e táboa do 100 para familiarizarse con ela, ao mesmo tempo que se ordenaban números dados e se traballaba o anterior e posterior.

-Subitización: recoñecemento do número de obxectos ou elementos dun conxunto sen necesidade contalos.



○ SENTIDO DONÚMERO


- Reparto: tanto regular como irregular.

-Comparación de conxuntos: unindo pratos que teñen o mesmo número de elementos, creando un conxunto igual a outro dado.

○ TRANSFORMACIÓN DOS NÚMEROS

-Descomposición: utilizando a casiña de descomposición e traballando tanto de forma manipulativa (só con obxectos) como de forma gráfica con números.

-Inicio á suma: de forma manipulativa e tamén con grafías, fomentando o cálculo mental sobre todo o último nivel desta etapa (6º de Educación infantil).




XEOMETRÍA

-Exploración do espazo, tipos de liñas (rectas, curvas, diagonais...), ubicación de elementos nun espazo seguindo un patrón dado.

-Itinerarios, a través de labirintos tanto impresos como con materiais elaborados pola mestra (levando un obxecto ou personaxe dun lugar a outro).

-Coñecemento e diferenciación das figuras planas básicas así como a súa identificación no mundo real. Presentación das figuras xeométricas, non só círculo, cadrado, triángulo e rectángulo, senón tamén cubos, pirámides e cilindros, identificación das mesmas nun debuxo e en obxectos presentes na aula e na casa.

-Simetrías: utilizando figuras en cuadrículas.



LÓXICA

- Atributos (tipo, cor, tamaño, grosor) do material lóxico: identificación en obxectos e bloques lóxicos e clasificación dos mesmos segundo ditos atributos.
- Series: realización de series de diversa dificultade empregando formas xeométricas, obxectos presentes na aula e na casa seguindo diversos criterios (tamaño, cor, grosor...).



MATERIAIS

Os materiais empregados son moi diversos:

- Paus depresores.
- Pompóns.
- Pratos.
- Bloques lóxicos.
- Obxectos da vida cotiá.
- Recta numérica.
- Dado.
- Cartas da baralla.

MEMORIA FINAL CURSO 2019-2020

- Táboa do100.
- Quebra cabezas numéricos.
- Fichas.
- Material elaborado pola mestra.
- Material impreso e posteriormente plastificado.

AVALIACIÓN FINAL

A situación provocada pola COVID- 19 dificultou seguir avanzando nos distintos bloques, pero o traballo levado a cabo durante os dous primeiros trimestres foi satisfactorio, tendo sempre en conta as individualidades de cada un dos alumnos/as, o que supón que algún poida ter maior ou menor dificultade nun ou varios bloques de contidos.

O terceiro trimestre, na distancia, centrouse en afianzar todo o traballado na aula, levándose a cabo actividades de reforzo. Aínda así é difícil valorar o traballo durante estes últimos meses posto que no se puido observar directamente o proceso levado a cabo por cada neno/a, só se tivo como referencia as fotos proporcionadas, sen saber a existencia ou non de axuda.

Esta metodoloxía permite un contacto moito máis directo do alumnado cos distintos contidos traballados e dunha forma moito máis manipulativa, evitando na medida do posible a aprendizaxe memorística.

MEMORIA CIENCIA ACTIVA

A proposta de desenvolver este Club de Ciencias ten como obxectivo incentivar a presentación, deseño e implementación de accións educativas baseadas no Método Científico. A través deste club impúlsanse as vocacións STEM (Ciencia, Tecnoloxía, Enxeñaría e Matemáticas) entre o alumnado en xeral, e as alumnas en particular, por estar menos representadas en carreiras e profesións científicas.

Este Club proporciona un escenario propio para desenvolver estratexias que fomenten capacidades, coñecementos e técnicas que aumenten o interese dos participantes por saber máis sobre os diversos campo da ciencia.

O método científico constitúe o eixo vertebrador do traballo neste Club, onde o alumnado debe de seguir unha serie de pasos para desmostrar fenómenos diversos. Así, o alumnado predí e desenvolve teorías, de xeito sinxelo, para ser comprobadas por outros científicos.

Tratamos de dar resposta ao alumnado con maior motivación para aprender, unha medida de atención a diversidade na que se desenvolvan iniciativas de afondamento nos coñecementos do alumnado.

As medidas concretas que desenvolvemos durante o curso, a pesar de faltar a docencia polo estado de alarma xurdido polo Covid-19 foron:

1.- Traballamos o pensamento científico de forma experiencial, aproveitando a curiosidade dos nenos e nenas, que lles impulsa a explorar o entorno e ir fixando a idea de que todos os sucesos teñen unha base científica.

2.- O alumnado toca e experimenta dentro e fóra das aulas. 3.- O emprego do método científico contando as súas fases. 4.- Empregamos as metodoloxías TAC e AFIN.

Durante o tempo de confinamento foi cando desenvolvemos a maior parte das actividades, polo que algunha variación do proxecto inicial tivemos.

O alumnado a través das presentacións que subíamos a páxina web, investigaban, experimentaban, aplicaban o método científico....

Durante o curso xa tiñamos unha mesa dos experimentos na zona do exterior do colexio na que o alumnado saía e alí podía facer os seus propios experimentos deixando libre a súa imaxinación.

Un dos resultados foron a realización dos experimentos nas súas casas e que logo fixemos un libro que está na web.

Tamén investigaron sobre as mulleres pioneiras co que realizamos un dossier con elas.

O alumnado con estas actividades ten unha alta motivación e por parte do profesorado a implicación é moi alta.

Dirección onde están colgadas as actividades.

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceiplaxe/>

No apartado de proxectos Ciencia Activa.

PFPP E-DIXGAL

Durante o curso 2019-2020 seguimos cos libros por ordenadores portátiles dentro do programa

E-dixgal. Grazas a éste púidose reducir a cantidade de papel empregado, xa que mediante o uso de esta plataforma pódese subir todo tipo de pdf. Ademais mediante o uso da “Ferramenta de autor” diseñouse algunha pequena actividade para reforzar os contidos das diferentes materias. As editoriais usadas de forma maioritaria foron Netex e AulaPlaneta.

MEMORIA FINAL CURSO 2019-2020

Como se pode ver nas fotografías, non se abandonou o uso da libreta, se non que utilizouse un modelo mixto, no que os nenos e nenas seguiron mellorando o uso de ésta, á vez que aprendían a usar as novas tecnoloxías.

Ano a ano vemos como o alumnado vai mellorando e collendo máis destrezas na utilización das tecnoloxías, este ano houbo un gran avance xa que a partires do 12 de marzo as clases deixaron de ser presenciais e tanto o profesorado como o alumnado tivéronse que adaptar a traballar telemáticamente, polo que no alumnado de 5º e 6º vimos que tiñan xa unha formación un pouco máis avanzada.



PFPP ROBÓTICA

Durante o presente curso escolar realizouse un PFPP de robótica na que participou todo o claustro do centro. Éste tivo lugar durante dúas tardes, concretamente o 21 e 22 de xaneiro.

O PFPP foi impartido por Dona Ana Isabel Díaz Cartelle. Baseouse na aplicación dos robot LEGO WEDO.2, onde nun principio manexamos o seu uso, os manipulamos... para a posterior realización de actividades con aplicación didáctica. Para o manexo deste utilizouse táblets proporcionadas polo centro e 4 robotsLEGO.

Nas seguintes fotografías pódese ver o resultado do curso. A implicación do profesorado foi dun 100%.



MEMORIA FINAL CURSO 2019-2020

A implementación nas aulas foi acollida cunha resposta moi positiva por parte do alumnado, cada 15 días a coordinadora de robótica levou a cabo un taller cós diferentes cursos, empezando pola manipulación do robot para que o alumnado fora coñecedor de cada unha das partes, as súas pezas... a concienciación do coidado que hai que ter xa que as pezas son moi pequenas....para seguir coa realización de pequenos proxectos cos robots.

Debido o estado de alarma provocado polo Covid-19, non puidemos rematar a actividade presencial co alumnado pero si seguimos a través da páxina web propoñendo tarefas de robótica a través de diferentes aplicacións.

A experiencia tivo tanto éxito no Claustro como no alumnado que por unha decisión unanime nunha sesión Claustro tomouse a decisión de implantar a materia de robótica en libre configuración nos niveis d 4º e 6º para o vindeiro curso 2020-2021.





TEI 2019-2020

Un ano máis puxemos en práctica o Proxecto TEI no centro. Este ano introducimos unha actividade dirixida ás familias para contribuír á súa difusión dentro da comunidade escolar.

Durante cada trimestre desenvolvéronse as actividades informativas e de sensibilización, así como as programadas de titoría e de cohesión. Agás o último trimestre que non se puideron realizar as actividades programada pola suspensión das clases presenciais provocada pola situación sanitaria xurdida no noso país polo Covid-19.

A entrega de carnés foi realizada dentro dun acto protocolario con presenza da Coordinadora do Programa TEI dona Zoraida Bustabad así como representantes dos distintos sectores que conforman a nosa comunidade educativa. Consideramos moi importante esta participación para poñer o Programa TEI de relevo diante de todos os membros da nosa comunidade.


Cómpre dicir que o noso centro -pequeno e con pouco alumnado- non presenta grandes problemas na convivencia, pero desde o Claustro consideramos de suma importancia desenvolver programas que traten a prevención en temas que a sociedade demanda.

O noso alumnado é consciente de que os problemas xerados polo acoso escolar teñen graves consecuencias nas persoas que o sofren, e polo tanto, desenvolver actividades que promovan a empatía, a resolución pacífica de conflitos, a solidariedade cos iguais, e sobre todo a pertenza a un grupo no que todos e todas son importantes e imprescindibles, é xa habitual nas tarefas que se levan a cabo no día a día do centro.

MEMORIA FINAL CURSO 2019-2020

As actividades realizadas no tempo de confinamento tiveron que cambiar, xa que por suposto non abandonamos o proxecto todo o contrario, serviunos para seguir a traballar noutro escenario que era as casas do alumnado. Estas actividades foron levadas a cabo pola coordinadora Marta Cubeiro Paris a través de videoconferencias coa plataforma HAGOUNTS, o alumnado estivo motivado porque era algo diferente e tivo unha ampla participación. As actividades foron en xeral de reflexión, visionado de algún corto e a realización dun diario onde contaban como se sentían e podían expresar as súas emocións.

A valoración deste programa é moi positiva desde todos os membros da comunidade e a nosa vontade é continuar con el.





8.7. VOZ NATURA

OBXECTIVOS:

Coa nosa participación en Voz Natura traballamos os seguintes obxectivos:

- ✓ Potenciar o espírito crítico de cara a conservación do entorno.
- ✓ Aprendizaxe curricular a través do noso entorno.
- ✓ Potenciar o desenvolvemento da responsabilidade, coas tarefas de coidado da horta.
- ✓ Traballar de xeito cooperativo.
- ✓ Fomentar o reciclaxe.

DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO:

Para levar a cabo este proxecto realizáronse as seguintes actividades:

INVERNADOIRO

Hai dous cursos púxose en marcha o noso invernadoiro ecolóxico, realizado con botellas de plástico recicladas.

MEMORIA FINAL CURSO 2019-2020

Este ano, a comezos do mes de novembro puxémonos mans á obra para obter novas verduras, na primeira plantación optamos por unhas ricas coles de Bruselas. Durante os meses seguintes coidamos con moito agarimo das nosas plantas, e creceron, pero non nos deron os froitos esperados. A finais do mes de marzo iamos realizar a segunda plantación, amorodos, pero non puido ser dada a situación vivida pola COVID-19.

Para o coidado das plantas establecéronse calendarios de regado por cursos.

Os nenos e nenas de infantil tamén plantaron un novo arbusto na entrada do centro.

Durante o confinamento tamén plantamos na casa: lentellas en algodón e puidemos ver o seu crecemento.



CAIXAS NIÑO

No mes de marzo colocamos 9 caixas niños co fin de que aniñaran paxaros insectívoros, como o herrerillo ou o carbonero, que se encargan de frear a praga da procesionaria, xa que temos un piñeiral adxacente ao nosos recinto escolar.



COIDAMOS O NOSO MONTE

O 19 de febreiro, os nenos e nenas de Primaria realizaron unha saída aos montes comunais de Brión- Doniños con fin de reforestar unha zona con árbores autóctonas (castiñeiros, bidueiros e carballos).



ECO-PATRULLAS

Establecéronse quendas para levar a cabo as eco- patrullas e vixiar durante o recreo que non quedaran residuos no chan, fomentando o coidado do noso centro. As súas tarefas eran lembrar onde botar o lixo, vixiar que non houbera residuos polo chan, lembrar as normas, manter o colexio limpo e traballar en equipo.

RECICLAXE NO CENTRO E NAS AULAS

Dentro das aulas temos diferentes contedores segundo o tipo de residuo (papel, plástico...) ao igual que en todo o centro, no que tamén contamos con contedores para tapóns, pilas, tóners, etc.

USO DO PLÁSTICO

Este ano iniciouse una campaña para reducir o uso do plástico substituíndoo por papel ou vidro, implicando a toda a comunidade educativa: alumnado, mestras e familias.

ACTIVIDADES DURANTE O CONFINAMENTO

MEMORIA FINAL CURSO 2019-2020

Durante o período no que o proceso de ensino- aprendizaxe se levou a cabo de forma telemática, a través da páxina web se lle proporcionou ao alumnado recursos online como diferentes materiais que ofrece Sogama; unha obra de teatro da Compañía Entremans que trata o coidado do medio ambiente; un dossier de Ecocine no que poden atopar vídeos educativos, documentais, cortos e películas que teñen como tema principal o medio ambiente e o seu coidado; celebración do Día da Terra con material interactivo, ademais da elaboración dalgunha tarefa en certos niveis como unha pulseira ou un cartel; ademais de xogos de Ecoembes como crucigramas e sopas de letras.

Este é o enlace do proxecto de Voz Natura dentro da páxina web do centro.

<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceiplaxe/taxonomy/term/38>

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES:

Co proxecto Voz Natura o noso centro quere abarcar todo o ámbito da Educación Ambiental e respecto ao mesmo, polo que ademais realizamos outras actividades enmarcadas no coñecemento e coidado do noso entorno.

MAGOSTO- SAMAÍN

Xunto coa degustación das castañas co seu asado tradicional por parte da ANPA, este ano realizáronse unha serie de xogos con material de refugallo, e os nenos e nenas disfrutaron moitísimo. Ademais algúns dos conos onde se gardaron as castañas fixéronse aproveitando papel de xornais.

OBRADOIRO DE RECICLAXE

No mes de novembro tivemos a visita dunha persoa do Concello que impartiu un obradoiro de reciclaxe aos nenos de 1º, 2º, 3º e 4º de Educación Primaria. Foi moi entretida e interesante na que puideron ver en que contedor se bota cada residuo.

SAÍDA A UN TALLER DE PAPIROMATES

No primeiro trimestre todo o alumando do centro acudiu á Fundación (Obra Social Abanca) para asistir a un obradoiro de Papiromates, onde traballamos a reciclaxe dos distintos envases (plástico, papel, cartón, ...) e o alumnado concienciouse para saber onde botar cada tipo de refugallo.

EXCURSIÓN AO ACUARIO DE A CORUÑA

Os nenos e nenas de Educación Infantil, 1º e 2º de Primaria, acudiron ao Acuario da Coruña, onde ademais de observar e poder tocar diversas especies mariñas, tamén se lles falou da importancia de non contaminar o mar, respectando a vida dos seres mariños. Tamén puidemos ver obras de arte feitas por nenos e nenas doutros centros educativos con materiais que atoparon na praia cando foron a limpala.

MAIOS

Debido ao confinamento os Maios celebráronse dunha forma moi diferente á esperada. Os nenos e nenas elaboran o seu propio Maio coa axuda da familia e logo enviaron unha foto.

MANUALIDADES

Nos diferentes cursos fixéronse manualidades con materiais de refugallo: follas, rolos de papel hixiénico, corchos...

PREMIOS FUNDACIÓN ENDESA Á ECOINNOVACIÓN EDUCATIVA

Este curso o centro participa nestes premios presentando un proxecto no que se recollen todas as actividades levadas a cabo no centro relacionadas co coidado e respecto polo medio ambiente.

OUTRAS ACTIVIDADES:

Ata final de curso quedan pendentes as seguintes actividades:

- ◆ Charla prevención de Incendios Forestais, que pola situación da COVID- 19 non foi posible realizala.
- ◆ Elaborar máis manualidades con materiais de refugallo.
- ◆ Propoñer máis actividades a través da páxina web.
- ◆ Celebración do Día Mundial do Medio Ambiente.

Por problemas atmosféricos non foi posible levar a cabo a actividade de limpeza da praia.

AVALIACIÓN FINAL

Aínda que estamos satisfeitos co desenvolvemento do proxecto, é certo que se contemplaban mais actividades cun nivel máis ambicioso, moitas delas non se puideron levar a cabo pola situación da COVID- 19 ou falta de tempo.

En xeral, levar a cabo o proxecto Voz Natura fomenta un compromiso do alumnado, mestras e familias no coidado do Medio Ambiente.

Ademais permítenos crear situacións de contacto directo do alumando coa natureza, o que permite levar a cabo moitos dos contidos establecidos no Decreto 330/02009 do 4 de xuño polo que se establece o Currículo de Educación Infantil na Comunidade Autónoma de Galicia e do Decreto 105/2014 do 4 de setembro polo que se establece o Currículo de Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia e desenvolvendo as competencias clave recollidas na LOMCE cun aprendizaxe significativo, baseado no seu entorno.

8.8. CLUB DE LETRAS

- Introducción.
- O club de letras tivo como obxectivo educar ao alumnado na igualdade despertando o sentido crítico ao mesmo tempo que se fomenta a expresión escrita, oral e a creatividade. A metodoloxía estivo baseada en:
 - O descubrimento, a indagación o debate, a lectura reflexiva, a análise crítica, a creación e a aprendizaxe colaborativa.
 - A igualdade (contribución desde un punto de vista literario, artístico, filosófico ou histórico a cuestións realizadas coa visualización das mulleres, do seu rol na sociedade e /ou representación das mulleres ao longo da historia).
- Profesorado participante, identificando a persoa coordinadora e as funcións realizadas por cada docente.

A mestra coordinadora do club de letras foi Gemma Breijo Calvo pero participou todo o profesorado do centro, tanto na organización das actividades como na súa execución. En ocasións foron actividades a nivel de aula e outras a nivel de centro. Traballouse de forma globalizada xa que todos os equipos do centro estiveron implicados (biblioteca, refórzate, o proxecto de centro, etc.)

- Descrición das actividades realizadas incluíndo os materiais empregados.
 - o Charlas de profesionais (mulleres das familias dos nenos/as con profesións que se relacionan cos proxectos como pode ser: bióloga marina, arqueóloga, escritora...)
 - o Visualización de vídeo ou debuxos.

MEMORIA FINAL CURSO 2019-2020

- Pioneiras: A investigación e recollida de información sobre diferentes mulleres da historia e a reflexión sobre o que cambiou na sociedade na actualidade.
- Celebración de datas importantes como o 25 de novembro, o 8 de marzo ou o día dos dereitos humanos para fomentar unha visión crítica.
- Lecturas conxuntas e reflexivas, conversas, debates, actividades cooperativas por parellas/equipos, muráis,...
- Pequenas exposicións onde se traballou a oratoria.
- Recuncho de libros na biblioteca relacionados co tema da igualdade.
- Actividade de expresión creativa (escrita e/ou artística segundo o nivel) co tema da igualdade de xénero, baseada nas mulleres das súas familias.
- Proxecto conxunto de centro como produto final “Navegando polo mundo”. Pola situación vivida non se puido facer un día de portas abertas no centro para mostrar ás familias os produtos finais e demais traballos elaborados durante o curso, polo que fixemos un proxecto conxunto onde cada neno/a elaborou o seu traballo na casa e para o vindeiro curso poñeremos en común os seus traballos e unha gran exposición de portas abertas.

Este proxecto procurou ser globalizado (competencias lingüísticas, aprender a aprender, plástica, inglés, novas tecnoloxías, etc.) e cada alumno/a o adaptara ao seu nivel e capacidades. Aprenderon sobre a viaxe de Magallanes (proxecto de centro) e logo cada un/ha fixo unha viaxe a un país onde investigou, informouse, aprendeu e disfrutou.

Empregouse diverso material funxible: pinturas e cores, celo, pegamentos, cartulinas, folios, papel corrido, fotocopias e impresións, plastilina, teas, adornos varios (purpurinas, botóns, plumas...)

- Visualización das actividades realizadas: web do centro, actividades de difusión, blog, redes sociais, publicación na revista escolar....

As actividades que se realizaron visualizáronse de diferentes formas: na web do centro e en distintos blogues, redes sociais como o Facebook, na revista escolar e na propia contorna coa implicación das familias e exposicións no centro.

- **Certificación de gastos derivados da participación do programa.**

O importe destinado a este programa foi de 1000 euros que se adicaron especialmente a material funxible como o que nomeo no apartado das actividades e especialmente en fotocopias a color.

- **Conclusións e valoracións.**

Por un lado, a información de que foi aceptado o programa chegounos moi tarde, no mes de marzo, polo que, a incertidumbre de se estabamos dentro do programa e se este se ía levar a cabo foi un

hándicap. Os meses anteriores traballamos no programa e fixemos actividades pero se se informara antes, a implicación e posta en marcha sería maior.

Por outro lado, debido á situación vivida pola COVID-19 houbo que improvisar cambios. Algunhas actividades prantexadas non se levaron a cabo e non se puido facer un día de portas abertas ás familias para mostrar os produtos finais e traballos realizados. Tivemos que crear novas actividades adaptadas á situación. O traballo cooperativo e actividades conxuntas pasaron máis a ser individuais, pero o beneficio foi a gran implicación das familias. O vindeiro curso retomaremos a exposición dos traballos realizados e poñerémolos en común como un gran produto final.

9. PLAN LECTOR

Levou a cabo de forma entusiasta por parte de todo o profesorado do Centro, contaxiándose dito entusiasmo a todo o alumnado.

Durante o presente curso desenvolvemos diversas actividades que quedan reflectidas na memoria do Equipo de Dinamización da Lingua Galega, contando coa máis que necesaria participación das persoas responsables do proxecto de dinamización da biblioteca escolar

10. BIBLIOTECA ESCOLAR

10.1. Servizos da biblioteca e emprego dos mesmos

Os servizos principais da Biblioteca foron:

-Préstamos:

O servizo de préstamos é do que máis emprego faise, repartíndose por un igual o alumnado de Infantil e de Primaria. Os máis pequenos van acompañados dos seus respectivos/as titores/as que os/as axudan a escoller as lecturas.

-Internet:

Por falta de medios na propia Biblioteca, xa que dispoñemos dun único ordenador, ditas consultas realízanse na aula de informática.

10.2. Documentos e materiais elaborados durante o curso

- Carteis.
- Horario.
- Normas.

- Novidades.
- Murais sobre el día del libro.
- Títulos premiados.
- Guías de lectura.
- Colaboración na confección dixital do Xornal Escolar.

10.3. Actividades realizadas

- Catalogación dos novos fondos bibliográficos adquiridos.
- Colaboración co Concello na programación de actividades.

10.4. Avaliación da biblioteca

Unha boa coordinación entre os equipos de ciclo, dos equipos docentes e a responsable da biblioteca, supuxo a consecución da maioría dos obxectivos propostos tales como:

- Continuar coa ampliación de fondos, tanto de lectura como informativos.
- Implicar ao profesorado na toma de decisións á hora de adquirir novos libros.
- Continuar coa elaboración de follas informativas para difundir as actividades da biblioteca. ➤ Difundir as novidades adquiridas.
- Organizar a conmemoración de datas e acontecementos sinalados.

10.5. Propostas de mellora

- Dar unha boa formación de usuarios.
- Ampliar os servizos de biblioteca.
- Organizar actividades creativas.
- Mellorar e ampliar o Plan Lector do Centro.
- Mellorar a distribución dos espazos.
- Aumentar o equipamento informático.

11. SIMULACRO DE AUTOPROTECCIÓN

No presente curso, íamos a levar a cabo o Simulacro de Evacuación o día 14 de maio, en colaboración co 112, o Consorcio de Bombeiros de Ferrol, Protección Civil e a Policía Local de Ferrol, pero non foi posible polo estado de alarma.

12. XORNAL ESCOLAR

O noso xornal publicouse coa colaboración de todos os membros do Claustro.

O día 19 de xuño, canda a entrega dos boletíns de notas, repartiuse un exemplar en formato papel as familias de 6º curso porque vanse do colexio , coa finalidade de aportarlles un resumo das actividades desenvolvidas ao longo do curso.

Dito xornal fíxose extensivo ó resto das familias e a diversas entidades tanto públicas como privadas e está colgado na páxina web do centro educativo.

13. PROGRAMA DE AXUDAS PARA A ADQUISICIÓN DE LIBROS DE TEXTO MATERIAL ESCOLAR E FONDO SOLIDARIO

Estando a levar a cabo os protocolos do proceso de axudas para a adquisición de libros de texto e materiais curriculares descritos na Orde do 12 de maio de 2020 pola que se convocan axudas para a adquisición de libros de texto, destinadas ao alumnado matriculado en 1º e 2º de educación primaria, axudas para material para todo alumnado, en función da renda da unidade familiar, e fondo solidario de libros de texto destinado ao alumnado matriculado en 3º, 4º, de educación primaria.

O Claustro toma a decisión de cambiar os libros nos cursos de 1º, 2º e 3º para a Editorial Anaya, pero non todos os libros soamente os de Lingua Castelá, Matemáticas e Lingua inglesa; o resto das materias serán traballadas por metodoloxías máis activas, sen utilizar os libros de texto.

14. SERVIZOS EDUCATIVOS COMPLEMENTARIOS: COMEDOR ESCOLAR E TRANSPORTE ESCOLAR

O comedor do Centro ofreceu servizo de almorzo e xantar. A xestión do servizo de comedor é de competencia municipal e correu a cargo da empresa concesionaria “Serunión”.

MEMORIA FINAL CURSO 2019-2020

A supervisión do funcionamento do servizo foi exercida pola Dirección enviándose mensualmente ao concello as fichas de avaliación, con contacto telefónico sempre que foi preciso e a través dunha entrevista final con propostas de mellora.

As incidencias que houbo solucionáronse con normalidade tanto por parte da empresa concesionaria como pola técnica do Concello. Os informes de asistencia foron emitidos mensualmente e feitos pola persoa responsable do comedor.

A media de asistencia ao almorzo foi de 7 e ao xantar de 20.

A xestión das “Actividades Extraescolares” é de competencia municipal e corre a cargo da empresa “Sedega”.

A supervisión do funcionamento foi exercida conxuntamente pola ANPA e a Dirección, quen enviou mensualmente as fichas de avaliación ao Concello.

Non houbo ningunha incidencia e desenvolveuse tal e como aparece no prego de prescricións técnicas. Por parte do equipo directivo avaliamos o funcionamento desta empresa moi positivamente tanto no desenvolvemento de cada actividade como na implicación e profesionalidade dos monitores.

Coa aprobación do Padroado de Deportes, cedéronse as instalacións do colexio para actividades extraescolares a partir das 17:00 h. Á AAVV O Cruceiro de Valón.

14.1. TRANSPORTE ESCOLAR

LIÑA 1:

LIÑA 2:

LIÑA 3:

Non tivemos ningún tipo de incidencia cos respecto ao servizo de transporte, provocado polas empresas, só destacar que no mes de xaneiro a empresa cambiou. Os indicados no punto referente a incidencias meteorolóxicas desfavorables, solucionáronse cun grao de colaboración óptima por parte da empresa prestadora do servizo.

15. AVALIACIÓN INDIVIDUALIZADA DE TERCEIRO DE PRIMARIA

15.1. PROTOCOLO DE ACTUACIÓNS

Quedou cancelada polo estado de alarma.

16. COLABORACIÓN DO CONCELLO DE FERROL

Este curso, como en anos anteriores, o Concello colaborou moi pouco pola boa marcha do Centro, atendendo a poucas solicitudes e asumindo polo tanto poucos gastos os cales foron arranxados cós gastos do funcionamento do centro e a boa vontade do conserxe, xa que está a asumir moitas responsabilidades que non lle corresponden.

- Organización e posta en marcha das actividades extraescolares.
- Mantemento e adecuación periódica dos patios interiores (poda, céspede...).
- Arranxo da calefacción, así como o cambio dun radiador dunha clase da planta de arriba.

17. PROPOSTAS DE MELLORA PARA INCLUÍR NA PROGRAMACIÓN DO VINDEIRO CURSO

17.1. EDUCACIÓN INFANTIL

- Educación musical para o alumnado de EI
- Continuar coa mestra especialista en AL para atender as necesidades existentes relacionadas coa articulación, có Programa de Estimulación da Linguaxe Oral (PELO).
- Continuar co apoio da mestra especialista de PT, dentro da aula.
- Sería positivo dividir as sesións das especialidades para poder traballar mellor co alumnado.
- Melloras nas aulas de E.I (limpeza).

17.2. PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA E AUDICIÓN E LINGUAXE

- En liñas xerais, podemos dicir que estamos satisfeitos co traballo desenvolvido desde a aula de apoio; a pesares das dificultades que a mestra de PT teña que dedicar moitas horas a función directiva.
- Seguiremos traballando nesta liña, procurando o máximo nivel de inclusión e participación do noso alumnado.

MEMORIA FINAL CURSO 2019-2020

- E mantendo unha boa coordinación entre os diversos profesionais que están implicados na educación dos nosos alumnos, tanto a nivel interno como externo.

17.3. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

- Pretendemos continuar coas actividades deste ano e engadir algunha a proposta dos pais/nais.

17.4. PROXECTO DE DINAMIZACIÓN DA BIBLIOTECA

- Consideramos que os obradoiros deben manterse xa que o seu formato funciona.
- Intentaremos que o proxecto da biblioteca sexa un eixe do traballo durante todo o curso e máis aspectos curriculares.
- Agradecemos a implicación do profesorado nas actividades realizadas e os animamos tamén a involucrarse cada día un pouco máis na animación á lectura do alumnado.
- Con todo, a nosa valoración do curso desde a biblioteca é positiva, pero aínda queremos que sexa máis, e para iso traballaremos o vindeiro curso.

17.5. BIBLIOTECA ESCOLAR

- Dar unha boa formación de usuarios.
- Ampliar os servizos de biblioteca.
- Mellorar e ampliar o Plan Lector do Centro.
- Organizar actividades creativas.
- Mellorar a distribución dos espazos.
- Aumentar o equipamento informático.

17.6. PLAN TIC

- Instalar novo software nos ordenadores, informando e asesorando ao profesorado dos obxectivos e funcionamento de cada un.
- Actualización semanal da páxina web do centro incorporando, especialmente, todo tipo de enlaces educativos clasificados, así como blogs dos distintos cursos.

Promover un plan de comunicación interna e externa por si temos que volver ao confinamento.

17.7. AVALIACIÓN FINAL DE EDUCACIÓN PRIMARIA E INDIVIDUALIZADA DE TERCEIRO DE PRIMARIA

- Realización de resumos periódicos sobre libros de lectura.
- Ampliar o vocabulario específico.
- Organizar actividades creativas que redunden nunha expresión escrita.

Antes de rematar esta memoria quero dar as gracias a todo o Claustro pola súa gran implicación e esforzo durante todo o curso presencial E NON PRESENCIAL e moi especialmente nos momentos tan difíciles que estivemos a vivir durante o estado de alarma, foi moi duro pero co seu traballo impecable saímos adiante, sen o seu apoio incondicional sería imposible realizalo. E por último unha mención moi especial como foi tratado o alumnado con necesidades o cal foi atendido dunha maneira individualizada a pesares das dificultades que presenta atendelos telemáticamente.

MOITAS GRACIAS!!!!!!

A PRESENTE MEMORIA FOI INFORMADA POLO CLAUSTRO DE MESTRES, AVALIADA POLO CONSELLO ESCOLAR E APROBADA POLA DIRECCIÓN NAS XUNTANZAS CELEBRADAS O DÍA 29 DE XUÑO DE 2020

A directora e presidenta do Consello Escolar

Asdo.: Patricia M^a Cons Formoso